

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4

SESION EXTRAORDINARIA DO 5 DE MARZO DE 2007

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Arias Moreira, José Carlos
Bermúdez Pérez, Silvia
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Garrido González, Alicia
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
Losada Álvarez, Abel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Viéitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Alonso Vázquez, Xulio
Caballero Miguez, Gonzalo
Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e sete minutos do día cinco de marzo do ano dous mil sete, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Alonso Vázquez, Caballero Míguez e Iglesias Carrera. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

Coa conformidade de todos os grupos políticos, a Presidencia somete a debate conxuntamente os dous puntos da orde do día.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Vouno dicir moi breve aínda que non sei se ben. O Partido Galeguista traballou e colaborou na ordenación desta ordenanza para facer un documento que prime netamente o descanso sobre o lecer, absolutamente. Temos un compromiso que ademais lles anticipo que é intemporal, porque é un criterio que mantemos e seguiremos a manter de que traballaremos sempre coas medidas legais máis eficaces posibles para garantir o descanso de todos por diante dun dereito que é o do lecer. Queremos polo tanto que as normas sexan o máis eficaces posibles en función dese obxectivo.

No debate desta ordenanza sentimos diferentes opinións; dos hostaleiros por unha parte, dalgunha comisión de veciños afectados por outra, e tamén dicir que nos levou a unha dúbida ós que estabamos a traballar neste tema estritamente sobre un aspecto: que decibelios serían os máis eficaces para garantir os obxectivos que todos ó pareceren, segundo os argumentos que escoitei, dicimos perseguir. Para nós foron absolutamente concluíntes as probas, as demostracións prácticas que se nos fixeron por parte de técnicos municipais e da Policía Local con respecto a ese límite. Dígoo con respecto á última controversia que non comprendo ou se a comprendo é peor.

Segundo o que se nos demostrou cun exemplo práctico, realmente poñer menos de 30 decibelios na nosa opinión sería declarar a impunidade absoluta con respecto a todos os establecementos de hostalería porque non habería quen puidera discernir se os ruídos procedían da hostalería ou sinxelamente de ruídos ambientais.

Dito isto, imos votar a favor desta norma e insistimos que perseguindo a máxima eficacia posible contra o ruído. Ademais a propia norma leva un dos aspectos que diseña e que dentro dun ano de oficio e obrigatoriamente revisarase e polo tanto reacondicionarase se fose mester en función dos casos prácticos que teñamos e de como se poden atallar do mellor xeito posible os ruídos nesta cidade.

É un grande combate que nos debe implicar a todos. O Partido Galeguista síntese

absolutamente implicado co “que” e co “como”, non con debates cara á galería.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Pensamos que cando menos debera haber unha exposición da modificación da ordenanza pola parte do Goberno e tamén das declaracións de ZAS, entre outras cousas porque este é un tema sinceramente sentido pola cidadanía e especialmente por aqueles que o sofren que na práctica somos todos porque o ruído por desgracia é un aspecto que está instalado na nosa vida e cada vez as cidades son máis ruidosas. Boa proba diso é a directiva europea que obriga ás cidades de máis de 100.000 habitantes a facer un mapa de ruídos para logo tomar as medidas oportunas e reducir ese nivel tentando, entre outras cousas, garantir unha saúde medio ambiental que coidamos necesaria.

Non hai a explicación e en todo caso o que nos debéramos preguntar é por que a estas alturas da Corporación, practicamente xa nos últimos meses, se nos presenta este traballo cando polo menos este Goberno tivo tres anos para atallar esta problemática. De houber vontade este debate xa debería estar dado, os mecanismos postos en marcha e mesmo verificados na práctica se realmente eran ou non eficaces.

Fronte a esta inacción por parte do Goberno actual podo opoñer que pasou na anterior Corporación municipal cando ó cabo de menos dun ano de Goberno se presenta algo que ata entón non había: unha normativa municipal a respecto da contaminación acústica e ó ano seguinte elaborouse un mapa de ruídos, cousa que nestes momentos di o Goberno que está por realizar. Cada quen que quite a súa conclusión pero o que si é certo é que se chega tarde.

Independentemente disto hai algo que nos debates da Comisión de Ruídos era un denominador común: que se actúe. Había unha coincidencia xeneralizara de que só coa normativa que nestes momentos temos, de se aplicar de xeito rotundo posiblemente non solucionáramos o problema dos ruídos pero si é certo que estaríamos noutras circunstancias e teríamos andando bastante camiño do que andaremos unha vez que se aproben definitivamente estas modificacións.

Coido que houbo un bo traballo e un empeño por parte dos técnicos cando recibiron as instrucións e dende logo a nosa felicitación que conste en acta, pero pensamos que non houbo esa vontade política durante estes tres anos e iso sinceramente é o que a cidadanía demanda, a confianza na administración de que estas medidas ou

outras que tomemos que se apliquen. Iso é o que pedimos e esa é a necesidade que temos esta Corporación en xeral e o Goberno en particular, de recobrar a confianza na administración que pensamos que a temos bastante perdida.

Hai dous aspectos que queremos salientar para recobrar a antedita confianza. Por unha banda a tramitación rápida das denuncias, ese ten que ser un empeño absolutamente de todos, máis do Goberno, deste ou do que veña, porque coido que a ninguén se lle escapa que quen vai ter que aplicar estas modificacións por un problema de tempo material será o vindeiro Goberno e non este. Nese sentido debe haber un compromiso de que calquera denuncia que haxa se tramite de xeito rápido e se peche o expediente o máis axiña posible, evidentemente dentro da legalidade. Só así seremos quen de comezar a combater o ruído dun xeito eficaz.

Por outro lado evidentemente a tramitación das licencias de obras para que os locais estean nas condicións que deban dende o punto de vista legal e os que non sexa así, terán que seren pechados.

Debemos tentar compaxinar o dereito ó descanso co lecer, pero evidentemente que dentro dese debate o que si está moi claro que ten prioridade o dereito ó descanso por riba do lecer.

Pensamos que este tipo de medidas poden axudar, melloran o que tiñamos porque non había nada feito, pero o que si é certo é que temos que aplicar o resultado final. Nese sentido tamén pensamos que por parte do Goberno non houbo o esforzo necesario, non vou dicir para acadar a unanimidade porque posiblemente fose moi complexo, pero non se fixo o esforzo necesario para que tivese un apoio maioritario. Anunciámoslles que nos imos reservar a nosa posición final e imos ver como se desenvolve a tramitación da modificación da ordenanza e tamén a declaración de ZAS no período de exposición pública. Anunciámoslles que nos imos abster reservándonos a nosa opinión final para a aprobación definitiva porque por desgracia xa están anticipadas e anunciadas un feixe de alegacións.

SRA. GRAÑA BARCIA: A contaminación acústica representa un problema grave que afecta á saúde e á calidade de vida dos cidadáns.

Logo de anos hoxe nos presentan a súa proposta para este problema. Unha proposta canto menos insuficiente e tardía. Calquera iniciativa sobre contaminación acústica deberon presentala no ano 2004, ou no 2005, ou no 2006, non o 5 de

marzo do ano 2007, curiosamente a dous meses dunhas eleccións. Sra. Alcaldesa, non falamos de días ou semanas de atraso, falamos de anos.

Durante estes anos miraron cara outro lado, non escoitaron ren malia o ruído, non fixeron nada ata que un lamentable día unha bombona converteuse en noticia.

Como lle gusta repetir á Sra. Alcaldesa “obras son amores”, así que imos comprobar as obras deste Goberno en materia de ruído porque en troques de ser o Goberno quen presente un balance das súas actuacións ten que ser a oposición a que lembre os seus incumprimentos.

A Comisión do Ruído estivo inoperativa dende 21 de outubro de 2004 ata o 7 de marzo de 2005 e dende esa data ata o 30 de novembro de 2006. En dous anos e medio houbo tres reunións. Nestes anos o Goberno municipal recibiu e desatendeu varios requirimentos do Valedor do Pobo en materia de ruído. O Valedor chegou advertiren á alcaldesa que podía incorrer en hostilidade por falla de colaboración.

Malia as súas promesas non foron quen de presentar unha nova ordenanza só presentan a modificación puntual da existente. Non aprobaron ningunha iniciativa presentada por este grupo na Xerencia de Urbanismo respecto á incorporación no PXOM de medidas restritivas encamiñadas á redución do problema, en concreto prohibir a apertura de establecementos acusticamente molestos en edificios residenciais, mesmo en contra da proposta do equipo redactor. É necesario lembrar que aprobar esta medida significaría entre outras cousas dous anos de suspensión de licenzas que evitarían o que aconteceu: continuaron outorgando licenzas para locais con música.

Aínda que non nos facilitaron a información que lles solicitamos sobre o número de expedientes sancionadores tramitados, a hemeroteca facilita datos de interese. Por exemplo, no ano 2004 Medio Ambiente só impuxo 15 sancións por ruído, cifra non moi congruente co número de denuncias presentadas pola Policía Local, un total de 123.

O seu atraso levou implícito o agravamento do problema. Nestes anos a Xerencia de Urbanismo continuou outorgando licenzas para locais en zonas saturadas. Mesmo chegamos ó absurdo de que o 8 de marzo de 2005 o Sr. Figueroa anuncia que declara zonas saturadas de ruído Churruca, Casco Vello, Alameda e Areal e tres días despois, o 11 de marzo, concede licenzas a bares de música en zonas saturadas. Esa é diferenza entre os anuncios e as realidades.

Por último pero non menos importante, a poderosa realidade: locais sen licenza, locais con licenza que non se axustan á actividade e locais que superan os límites de ruído permitidos.

Agora, logo de anos de desleixo, preséntannos esta proposta de modificación da ordenanza de protección do medio contra a contaminación acústica e de declaración de zonas acusticamente saturadas. Este non é un exercicio de vontade nin de valentía, é un acto de aleivosía. Ademais novamente demostraron a súa incapacidade para acadar acordos, tanto na Comisión como na Xunta de Voceiros manifestámoslles que se calquera normativa debe ser produto do consenso, esta dun xeito especial.

Durante estes anos vostedes non executaron a normativa existente tanto en materia urbanística como en materia de rúidos dándolle as costas ós afectados. A normativa existente era e é suficiente para atallar o problema que veñen sufrindo os veciños de determinadas zonas da cidade. A súa desidia e ineficacia foron as causas do problema e non lagoas legais que lles impediran actuar.

Estes antecedentes obrigan a un maior consenso. Os veciños xa teñen experiencia de normas que non se aplican, todos temos experiencia desas normas e por iso, Sr. Figueroa, propuxémoslle que debía existir un acordo unánime con todos os colectivos veciñais presentes na Comisión do Ruído pero foi incapaz do acadar.

A situación é que nos presentan unha norma que non é máis que unha tapadeira do incumprimento constante da normativa de aplicación en materia urbanística e de ruído. Unha norma que non conta co apoio dos colectivos afectados e tampouco do noso. Só a obstinación e a falla de vontade de tratar este problema coa seriedade que se merece pode explicar a negativa á redución do límite máximo para as emisións acústicas nas vivendas, en concreto reducir o límite de 30 decibelios.

Unha norma que non se acompaña dun plan de medios. Este Goberno recoñeceu a súa incapacidade de tramitar en prazo os expedientes de infracción en materia de rúidos por falla de persoal. que garantías haberá agora? Porque ademais para outros servizos nestes anos si que se contratou persoal. Continúan propoñendo tramitacións separadas. Non existe un protocolo de actuación e polo tanto non existen nin prazos, nin orzamentos.

A verdade é que semella que a vostedes pouco lles importa este tema e amósao o feito de que a Sra. Alcaldesa xamais se reuniu cos afectados, xamais lamentou o

tráxico suceso da bombona. A señora alcaldesa só compareceu unha vez e para facer un anuncio: a creación dun centro municipal de acústica. Sobran as palabras. Obviamente xamais soubemos máis desta fantástica proposta. Afirmao tamén o feito, a demostración de que hoxe novamente o único que aparece é o seu silencio, un Goberno que nin sequera intervén para materializar esta proposta.

Se hoxe houbera dúas votacións, a proposta de modificación da ordenanza e a súa xestión política en materia de ruído, dende logo a súa xestión só merecería a reprobación.

Pero hoxe só podemos votar a modificación da ordenanza e aínda que estimamos que é mellorable, que só a presentan para agachar a súa ineficacia e irresponsabilidade e sen ningunha garantía tras anos de atraso, absterémonos na confianza de que será outro Goberno quen de seguro a aplicará mellorando as condicións de vida dos cidadáns.

SR. FIGUEROA VILA: Por suposto que o Goberno tiña pensado intervenir pero é que sempre se fai de menor a maior e polo tanto me parece que as críticas con respecto a ese tema sobran.

Cando un ten responsabilidade de gobernar hai que tomar decisións e cando se toman decisións téntase buscar acordos. Pero cando hai algún grupo, en concreto o Partido Socialista, que faga a proposta que faga o Goberno pensa que sempre é negativa é moi difícil chegar a acordos.

Vostedes gobernaron esta cidade de 25 anos 20 e gustaríame preguntarlles ós cidadáns que fixo o Partido Socialista polo tema dos rúidos nesta cidade, non foi quen nin de facer unha ordenanza e tívoa que facer un Goberno no ano 2001. Polo tanto o Partido Socialista con respecto ós rúidos está totalmente desacreditado nesta cidade porque non fixo ren. As consecuencias do que estamos sufrindo agora veñen de decisións de Gobernos socialistas porque non actuaron, non tomaron nin unha soa medida en 20 anos. Polo tanto, Sra. Graña, coido que vostede tería que rectificar as súas verbas porque non fixeron absolutamente nada no tema dos rúidos. Estas non son situacións que se producen puntualmente, veñen de acumulacións, de locais ós que se lles deu licenza.

Cando nos chegamos a este Goberno no ano 2004 enriba da mesa sen tramitar había 50 expedientes de locais sen licenza ou con licenza irregular. Ata aí

governaron vostedes. Houbo un concelleiro seis meses que non fixo absolutamente ren, houbo outros Gobernos anteriores que acumularon esas situacións e polo tanto cando nós chegamos no ano 2004 atopámonos 50 expedientes enriba da mesa en situación anómala de locais bares-con música. Esta é a primeira situación que vostedes non din aquí.

É certo que hai unha directiva comunitaria pero o mapa de ruídos estaba sen adxudicar, nin se tramitara o expediente. A primeira modificación de crédito que fixo este Goberno cando chego foi consignar 60.000 euros para empezar a elaborar o mapa de ruídos que era obrigatorio. Durante os seis meses que governaron vostedes nin se decataron de que existía ese mapa de ruídos. É certo que o Goberno anterior deixara preparado o expediente pero vostedes nin se decataron, pasou por aquí a Sra. Porteiro e nin se decatou que existía ese expediente, estaba o expediente administrativo pendente da adxudicación.

Vostedes gastaron os cartos noutras cousas e o Goberno do Partido Popular cando chegou no 2004 tivo que consignar 60.000 euros para sacar a concurso o mapa de ruídos. Polo tanto segunda mentira que acaban de dicir vostedes porque a Sra. Porteiro nin se decatou de que existía o departamento de Medio Ambiente e aí están as probas, se queren as poden coller os medios de comunicación ou calquera. Quen tivo que adxudicar o mapa de ruídos foi o Partido Popular en xuño do ano 2004, o Goberno da cidade de Vigo. Mapa de ruídos que a día de hoxe podemos dicir que está a piques de rematar o seu traballo completo porque o temos que entregar antes de xuño do 2007. Polo tanto vostedes non son exemplo absolutamente de nada.

Se vostede colle as actas de todas as Comisións de ruídos poderá ver que non houbo ningún Goberno que se reunira tantas veces coma este con esa Comisión, pero evidentemente había que ter enriba da mesa os traballos, facer as medicións para declarar zonas acusticamente saturadas que ninguén lembrou que existía esa posibilidade. Vostedes pasaron seis meses, puideron iniciar ese expediente pero non fixeron absolutamente nada, non moveron nin un só papel, nin convocaron esa comisión.

Agora ven vostede darme leccións cando estiveron boicoteando durante todo este tempo a Comisión de Ruídos. Non podo dicir o mesmo do Partido Galeguista e do Bloque Nacionalista Galego á marxe de que poida ter diferencias, pero vostedes

boicotearon absolutamente todos os acordos. Se nos poñiamos a carón dun defendía ós outros, se nos poñiamos ó carón dos outros defendían ós uns. Vostedes non queren acordo, queren chegar a este Pleno e desacreditar ó Goberno. Pero este Goberno vai pasar por seren o primeiro que declara 33 rúas da cidade como zonas acusticamente saturadas, vai ser quen vai impedir que entre 100 metros non existan máis locais en toda a cidade de bares-con música.

Evidentemente isto será con aqueles que o apoien porque non podo meter no mesmo discurso ó Partido Galeguista e ó Bloque Nacionalista Galego porque á marxe das diferencias e das críticas que poidan facer neste Pleno, colaboraron dende o primeiro día na comisión. Vostedes o único que amosaron foron actitudes oportunistas porque se hostaleiros dicían unha cousa criticaban ó Goberno, pero logo se tiñan que contradicir se os veciños dicían o contrario e se poñían ó carón deles para criticar ó Goberno. Ó final chegaron a unha situación que non saben nin en que punto están.

A día de hoxe aínda non sabemos cal é a súa posición, se queren declarar como zonas acusticamente saturadas as rúas que propoñemos, se queren modificar a ordenanza, se queren unha ordenanza nova, se queren pechar todos os locais, se os queren ter abertos... A día de hoxe podemos dicir que do Partido Socialista o único que temos é a ambigüidade, é dicir, oportunismo político dependendo de cada día, de cada momento e de cada hora. Non nos sorprende en absoluto a súa actitude.

Coido que fixemos un traballo difícil e complexo porque este é un fenómeno social evidente e que está aí, hai unha serie de persoas que saen, unha serie de locais que veñen de hai moitos anos, zonas na cidade que están establecidas para o lecer e tamén é certo que hai unha serie de veciños e veciñas que teñen dereito ó descanso. Iso é moi difícil de compatibilizar, é un tema moi complexo e non hai unha vara máxica que o resolva.

Imos tentar unha serie de medidas como a de declarar estas zonas acusticamente saturadas, prohibicións en distancias para que non existan máis locais de bares con música en toda a cidade e por suposto tamén imos facer un control rigoroso e exhaustivo. Pero vostede tamén sabe que están propoñendo algo demagóxico e así o comprobamos: rebaixar dos 30 ós 28 decibelios. É totalmente imposible facer esa medición porque é totalmente imposible que se perciban eses ruídos con 28 decibelios; sería imposible levar a cabo iso na ordenanza que temos en marcha.

Sería un brinde ó sol rebaixar os decibelios, quedaríamos ben cos veciños pero logo cando tivésemos que poñer en práctica a ordenanza seríanos totalmente imposible. Nós coidamos que se fixo un bo traballo. Eu téño que agradecer a todos os estamentos e grupos que participaron e colaboraron de boa fe, dun xeito positivo para que este tema se levase a cabo.

Seguimos facendo o noso traballo e estivemos calados ata o día de hoxe pero tamén lle digo que hai unha ordenanza encargada ó Valedor do Cidadán que está rematada, non o pensaba dicir pero hoxe o anuncio porque como din que non se fixo ningún traballo, pregúntenlle ó Valedor do Cidadán que leva oito meses traballando nunha ordenanza de ruídos encargada por este Goberno. Supoño que non será tan fácil cando o Valedor do Cidadán é unha persoa áxil, esixente, que quere colaborar e colabora mesmo en medicións de locais, de vivendas.

O Valedor do Cidadán, Sr. Espada, xa lle entregou xa á alcaldesa unha nova ordenanza que non se fixo pública pero está totalmente pechada para abrir un novo debate dunha ordenanza xeral nesta cidade. Consideramos que ese ten que ser un debate que se ten que producir na próxima Corporación, cando vostedes queiran estamos dispostos a trasladarlle ese borrador da ordenanza totalmente modificada, non fixemos nin unha soa observación, nin unha soa consideración. O Valedor do Cidadán como persoa experta e cualificada en tema de ruídos porque xa participou en varias ordenanzas e normas sobre ruídos, fixo o traballo que tecnicamente coidou que era o correcto e agora tocará o debate político cando proceda. Dende logo nós imos deixar ese traballo enriba da mesa para que cando os grupos políticos o consideren oportuno, se abra o debate.

Polo tanto, chegamos cunha directiva comunitaria para establecer un mapa de ruídos que lle deixaran a vostedes o expediente administrativo e non foron quen nin do tramitar en seis meses. Tivemos que consignar os cartos e sacar a concurso ese expediente, adxudicámolo, iniciamos o expediente para declarar zonas acusticamente saturadas, fixéronse as medicións de todas esas rúas: 20 e logo ampliadas a 33, reuniuse a Comisión de Ruídos, houbo participación de toda esa comisión, foise tentando que os locais se adaptasen ás licenzas que tiñan. Cando chegamos había 50 expedientes pendentes de locais enriba da mesa e foi un dos primeiros temas que recibín cando cheguei, por iso non sei onde están as súas actuacións.

Traemos unha modificación dunha ordenanza, coido que o traballo está aí, é un traballo complexo que non se fai en 24 horas pero o que si está claro é que o Partido Socialista dun xeito especial, o único que pretende é unha vez máis boicotear, xa non nos sorprende porque hai milleiros de exemplos nesta cidade de boicot ás propostas que poida facer o Goberno, están instalados no non, no boicot ó grupo do Goberno en todo o que poida beneficiar a esta cidade e supoño que seguirán nesa actitude durante os dous meses e medio que fallan.

O que mesmo nos sorprende é que se absteñan porque nós contabamos co non de seu, non sei por que cambiaron, debe ser bastante boa a modificación que se fixo para que opten pola abstención. Cando entrei aquí logo de ter a reunión de grupo pensei dunha maneira clara que o Partido Socialista ía votar en contra como non podía ser doutro xeito. Semella que hoxe modificaron mesmo o seu criterio, ata foron máis xenerosos co Goberno, agradecemosllo dentro da medida do posible para que poidamos dentro do período de exposición ó público, se hai alegacións razoables ou convenientes, mellorar esta ordenanza que é o obxectivo que persegue este Goberno.

Non imos facer máis intervencións, coido que esta modificación é importante, que con esa nova ordenanza que presente o Valedor os grupos políticos abran o debate correspondente e esperemos que Vigo poida estar coma unha das cidades máis avanzadas en canto a ordenanzas e normas sobre ruídos. Logo evidentemente haberá que facer un tremendo esforzo para que esa normativa se cumpra, aí é onde está seguramente o “quid” da cuestión e onde vai estar realmente a problemática final porque este é un tema demasiado complexo e todas estas normativas e ordenanzas que se poñan en marcha requirirán do esforzo de todos para que o seu cumprimento satisfaga a todos os veciños.

Cando hai posturas encontradas porque buscar o consenso é moi difícil xa que o que beneficia a uns prexudica ós outros, dende as administracións o que temos que buscar é un punto intermedio de equilibrio onde se poida convivir con esa realidade social, coa demanda social que temos e para iso estamos os representantes políticos apoiados polos técnicos, para buscar as mellores normas.

Coido que esta é unha norma que vai no bo camiño e o tempo dirá se acertamos ou non.

SR. SOTO FERREIRO: O Partido Galeguista votou a favor desta norma na Comisión informativa correspondente e vai modificar o seu voto neste Pleno porque, que acertemos ou non xa non o sei, pero sabemos escoitar a uns e ós outros, xulgamos as accións duns e as dos outros e en función diso actuamos.

Non move o noso cambio de actitude, Sr. Figueroa, a súa desafortunada intervención por incerta nalgúns aspectos como esa manipulación de datas que vostede fai dicindo: “o Partido Socialista Gobernou non sei cantos anos nesta cidade...”. Eu, que me sinto moi honrado de seren alcalde co Partido Socialista, moi honrado de ser doce anos alcalde de Vigo e ademais tamén de pertencer daquela ó Partido Socialista, tan honrado como me sinto hoxe de pertencer ó Partido Galeguista.

Sentíndome honrado diso, vostede estaba naquelas épocas e está manipulando a historia porque o problema do que fala non existía daquela, existe agora tal e como está. Logo voulle facer outra pregunta a vostede que dixo que non ía intervir máis: cantas iniciativas presentou daquela o Partido Popular sobre este tema? Cando, como, con que contido? Anticípolle a resposta: xamais. Polo tanto vostede quere manipular a historia pero non é iso o que nos fai mudar de voto. Esta é unha controversia política que nos deixa aí.

Nin sequera que vostede caia na trampa cando o Partido Socialista di que é unha ordenanza do Goberno e vostede di que é unha ordenanza de seu. Non, perdoe, esta é unha ordenanza do Pleno da Corporación porque legalmente as ordenanzas quen as aproba é o Pleno da Corporación, para uns e para outros. Tampouco é iso o que nos fai mudar de voto. Nin sequera outra das súas afirmacións carentes de rigor, na miña opinión.

Fannos mudar de voto dúas cousas, unha que dixo o Sr. Viéitez e o cambio de actitude claramente positivo do Partido Socialista. A cousa que dixo o Sr. Viéitez é que hai unha serie de alegacións feitas e entón, por que non as escoitar?

Teño unha dúbida, Sr. Figueroa, abstérmonos ou pedirlle que esta ordenanza se pare por ver a do Valedor do Cidadán que teñen vostedes e os demais non, porque se hai unha ordenanza enteira do Valedor do Cidadán que di vostede que cambia esta dende o A ata o Z, é se nos dá setenta luces que nós non temos hoxe en día? Eu que estou cambiando aquí de voto diante do Pleno da Corporación dígolle que igual cambio algún criterio se escoito e leo as manifestacións do Valedor do Cidadán.

Gustaríame saber que opinan os demais grupos políticos sobre este tema.

A nosa intervención non é nin retardadora, nin de cambadela, nin de deixar para mañá o que se poida facer hoxe, seguramente por iso non nos atrevemos tan sequera a dicir que quede pendente porque é un argumento improvisado polo seu anuncio neste Pleno, mesmo se polo que di vostede os cambios son importantes co que propón o Valedor do Cidadán e ó mellor iso leva moito tempo traballalo debidamente co informe de todos os técnicos municipais e iso pódenos levar a unha dilación que significaría deixar preterida esta modificación da ordenanza que na nosa opinión contén aspectos moi positivos.

Polo tanto nin sequera iso imos facer e estamos improvisando argumentacións porque vostedes nos obrigan con anuncios de súpeto de semellante tema no Pleno. Por certo, estou anunciando a súa profunda deslealdade co resto da Corporación porque non nos anunciou iso en ningunha reunión, dínolo aquí o día do Pleno que temos que votar isto. Son vostedes desleais e non é a primeira vez. Desleais cos que estamos tentando colaborar lealmente e non é só neste campo, hai máis campos da súa deslealdade.

Dicía que hai dúas liñas argumentais que nos fan cambiar o voto, unha era a de escoitar as alegacións, incluída ler ás presas e correndo a ordenanza do Valedor do Cidadán e outra o cambio de actitude do Partido Socialista. É certo que a min non me gustaba a súa actitude nas comisións nos últimos tempos e así o fixen saber, vostede foi testemuña. Pero é que vostede é quen asume a responsabilidade dese tipo de rol, non paran, cando non é un é outro, a vostede moléstalle profundamente que o Partido Socialista anuncie a súa abstención e ademais nótaselle porque se lle quitou de diante o inimigo. Polo que vexo a vostedes non lles pregunta tanto que todos teñamos consenso para aprobar unha ordenanza, preocúpanlle os votos de sempre, a ver se gaña máis votos pelexando co Partido Socialista. Pois eu saúdo o cambio de voto do Partido Socialista e tamén cambio e absteño-me.

SR. VIÉITEZ ALONSO: En primeiro lugar felicitar ó voceiro do Goberno pola súa exposición porque reforza aínda máis a nosa posición. Se alguén podía ter algunha dúbida o Sr. Figueroa clarificouna por completo. Polo tanto non imos profundizar, nin mesmo en como atopamos nós os expedientes de ruídos nin nada polo estilo cando vostedes tiñan Goberno de maioría absoluta, que supoño que o saberán pero esa

auga xa non move muíño.

A ver se nos deixamos de debates falsos, a cidadanía reclama que a administración actúe, que sexa efectiva e que o problema de ruídos se corrixa aínda que sexa con paso de tartaruga, non demanda outra cousa. Insisto en que ata vostedes estaban de acordo coa exposición que lles fixen o outro día cando o denominador común é que se aplique o que temos e iso, Sr. Figueroa, non o contestou.

As pirámides son milenarias e para iso teñen que ter unha boa base e esta coido que xa se puxo. Por certo, as leis que realmente tentaban atacar os ruídos son recentes e véxano mesmo na normativa aplicable dos antecedentes das propostas que traen, pero pensamos que a anterior Corporación puxo unha moi boa base e agora o que fan vostedes é melloralala e será o Goberno que veña quen a aplique. En todo caso repartan medallas porque vostedes sempre son os campións, xamais existiu ren e vostedes son os que fan todo nese sentido.

Por certo, nós non imos propoñer que se pospoñan estes puntos por unha sinxela razón, porque esa ordenanza que está aí exposta é do Partido Popular aínda que a elaborara quen a elaborara, non é nin desta Corporación, nin destes grupos. Sabemos todos como se instrúe un expediente pero é do Partido Popular e polo tanto non o asumimos, nin de momento nin despois. En todo caso será a seguinte corporación quen toque ese tema como debe ser.

Efectivamente coido que se se quere suscitar consenso, se se quere avanzar non é do xeito que está facendo o Partido Popular, senón todo o contrario porque din que os campións son eles e os demais nada. Ese discurso cae polo seu propio peso en canto ós feitos. Recollan a opinión da cidadanía. O máis importante é o papel que ten esta Corporación que é devolver a confianza que ten que ter a cidadanía na Corporación local, ese é o traballo máis importante e de calquera Goberno. Vostedes non estiveron á altura das circunstancias e seguen sen o estar e iso é o que teñen que asumir.

SRA. GRAÑA BARCIA: Espléndida actuación, Sr. Figueroa, quedou claro que vostede non viña aquí presentar a proposta do Goberno en materia de ruídos novamente, o único que traía era preparada unha segunda intervención contando, parece ser, co voto en contra do Partido Socialista. En todo caso o anuncio da abstención tampouco fixo modificar un chisco a intervención que xa tiña preparada. De todos

os xeitos, aínda que xa tarde, é triste e lamentable que o Goberno veña aquí con esa intención en troques de vir presentar e xustificar a súa proposta, amosa a súa “seriedade” neste asunto.

Ademais, malia a súa experiencia de 20 anos de vida municipal onde tanto formou parte de Goberno como de oposición, esquece vostede que neste momento representa ó Goberno da cidade e tampouco ten que presentar que necesita comparar seis meses con tres anos e medio. Novamente amosa a súa intención porque vostede mesmo reconece que hoxe o único que fai é presentar o anuncio de declaración de zona saturada de 33 rúas, queda claro, a súa política é esa, unha política de anuncios e fano ademais o 5 de marzo de 2007 a dous meses dunhas eleccións.

Menos mal que as actas quedan claras. Non houbo ningún cambio de actitude no Partido Socialista, nas actas recóllese claramente cales foron as nosas propostas nesta materia, é máis, vostedes aceptaron propostas presentadas por este grupo na Comisión de Ruídos polo tanto non houbo ningún cambio de actitude.

Non é necesario que nos manifeste que se está redactando unha nova ordenanza: o que si é necesario porque vostede non é dono desa información, é que se presentara a todos os grupos a información que vostedes recibiran. Non é un ofrecemento, é a súa obriga entregarnos copia dese borrador. Unha trampa máis no camiño.

Por último, Sr. Figueroa, o Goberno non nos necesita para se desacreditar, desacredítase el só porque lle lembro os seus propios titulares: “Para o PP 45.000 clientes semanais xustifican que haxa pubs en edificios”. Esta é a auténtica vontade deste Goberno, está demostrado en tres anos e medio de inactividade en materia de ruídos.

SR. FIGUEROA VILA: Esta quizais sexa unha das decisións máis importantes tomadas na historia desta cidade con respecto ós ruídos, gústelles ou non. Seguramente ós grupos non lles guste que se declaren 33 rúas acusticamente saturadas, é dicir, que non se vai poder dar licenzas a bares con música, que en toda a cidade de Vigo non se poderán instalar con menos de 100 metros entre si locais de bares con música, coido que é unha norma moi restritiva que seguramente vai axudar a mellorar o tema de ruídos. Tamén que todas aquelas licenzas que

estean en tramitación non se darán no momento que entre en vigor esta zona acusticamente saturada.

Polo tanto aquí está a vontade política gústelles ou non, dende logo este Goberno vai pasar á historia por tomar estas medidas ou por proxectalas e deseñalas porque semella que vostedes se están botando fóra destas decisións e non sei por que. Sorpréndeme moito que hoxe cheguen ó Pleno e, logo de todo o traballo que se fixo na Comisión de Ruídos, este traballo non quede aquí reflectido. Alá cada un dos grupos políticos coa súa responsabilidade.

Nós si estamos satisfeitos do noso traballo, dentro dunhas semanas imos presentar o mapa de ruídos de toda a cidade, cousa que xamais se fixo nesta cidade pero vai estar rematado dentro de tres ou catro semanas, un magnífico traballo que vai demostrar a sensibilidade deste Goberno e esperemos que tamén a teña a oposición.

Sra. Graña, este si é un fenómeno social, por suposto que nós non renegamos das nosas verbas. Hai moitas persoas que a partir das 11,30/12,00 da noite saen pasar un rato agradable e hai que compatibilizar esas persoas co descanso de moitas outras porque, dígame vostede que fai con esas 30/35 mil persoas que saen os venres, sábados e xoves a partir das 12 da noite. Aquí é fácil falar e facer discursos demagóxicos.

Algúns grupos cando se fixo unha intervención dura nalgunhas zonas da cidade tacharon ó Goberno de todo e fíxose esa actuación. Non a fixeron vostedes que a fixo este Goberno para aplicar a norma e ó final houbo un escándalo na rúa. Aí están as hemerotecas, os medios de comunicación e os cidadáns que teñen coñecemento desa situación cando se fixeron controis policiais en determinadas zonas da cidade. Paréceme ben que vostedes estean por riba do ben ou do mal pero a ver se alguén dos que estamos nesta sala non saímos a partir das 2,30 ou 3 da mañá, porque temos que empezar a dar exemplo. Seguramente vostede, Sr. Soto, déitase máis cedo.

A PRESIDENCIA: Segundo indicacións do propio secretario hai que someter o asunto a votación por separado.

1.- (23).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. EXPTE. 4664/306.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de febreiro de 2007, a asesora xurídica de Medio Ambiente, coa conformidade do técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, emite o seguinte informe:

“I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.1. A Comisión Municipal de Ruídos coa Presidencia do Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, en sesión do 21 de outubro de 2004, acordou por unanimidade, solicitar informe xurídico sobre a viabilidade da súa pretensión de que se declaren Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS) diversas rúas da cidade de Vigo onde debido á gran concentración de locais con música existentes prodúcese un gran nivel de ruído no ambiente exterior con numerosas queixas dos veciños desas zonas.

I.2. En cumprimento da orde do Sr. Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente do 23 de febreiro de 2005, a Asesora Xurídica de Medio Ambiente emite informe xurídico con data 3 de marzo de 2005, do que se dá conta á Comisión de Ruídos na sesión realizada o 7 de marzo de 2005, onde expón que, para maior seguridade xurídica, previamente á declaración das rúas como Zonas Acusticamente Saturadas deberíase modificar o actual texto do artigo 17 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica co fin de establecer o procedemento administrativo a seguir para acordar tal declaración, de fixar os efectos que dita declaración pode implicar e determinar o seu prazo de vixencia ou cese. Asemade, a Asesora informa que naquelas zonas da cidade que pretendan ser declaradas ZAS débense previamente realizar medicións sonométricas co fin de constatar se superan en máis de 15 dB(A) os niveis máximos permitidos na Táboa I do Manual-Anexo á Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (publicada no BOP nº 198, do 16 de outubro de 2000).

I.3. Ditas medicións sonométricas realizáronse pola entidade “Acusticontrol, S.L”, empresa homologada pola Xunta de Galicia para a realización de medicións de ruído e vibracións, en virtude da asistencia técnica debidamente contratada por Resolución do Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente de 11 de abril de 2005.

Constatouse que en distintas rúas da cidade de Vigo (rúa Pontevedra, Rosalía de Castro, Alfonso XIII, Areal, Montero Ríos, Rogelio Abalde, Martín Códax, Lepanto, Urzáiz, Inés Pérez de Ceta, República Argentina, Colón, García Barbón, Churruca, Cervantes, Luís Taboada, Praza de Compostela e Uruguai), a media semanal en período nocturno (Leq semanal nocturno) no ambiente exterior supera en máis de 15 dB(A) o nivel máximo permitido -45 dB(A)- na Táboa I do Manual Anexo á Ordenanza Municipal, segundo informaba “Acusticontrol, S.L” en datas 06 de setembro de 2005 e 01 de agosto de 2006.

I.4. Con data 23 de novembro de 2006 reúnese a Comisión de Ruídos, onde a Presidencia dá conta das medicións sonométricas realizadas por “Acusticontrol, S.L” nas rúas Pontevedra, Rosalía de Castro, Alfonso XIII, Areal, Montero Ríos, Rogelio Abalde, Martín Códax, Lepanto, Urzáiz, Inés Pérez de Ceta, República Argentina, Colón, García Barbón, Churruca, Cervantes, Luís Taboada, Praza de Compostela e Uruguai. Por unanimidade, a Comisión acorda a modificación do texto do artigo 17 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica co obxecto de proceder simultaneamente á declaración de ditas rúas como Zonas Acusticamente Saturadas ou Zonas Acusticamente Contaminadas (declaración, en todo caso, condicionada á aprobación da modificación da Ordenanza).

I.5. En cumprimento da Orde de Servizo do Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente do 25 de novembro de 2006 e da Orde do Técnico Supervisor de Medio Ambiente da mesma data, o 30 de novembro de 2006 a Asesora Xurídica emite proposta de modificación do artigo 17 da Ordenanza Municipal co obxecto de establecer o procedemento administrativo a seguir para a declaración da ZAS. A Asesora manifestaba que, previa ou simultaneamente á aprobación da declaración polo Pleno da Corporación das referidas zonas como ZAS, procedería modificar o texto do artigo 17 da Ordenanza no sentido indicado no devandito informe.

I.6. Con data 30 de novembro de 2006, reúnese a Comisión Municipal de Ruídos onde a Presidencia dá conta da proposta da Asesora Xurídica da mesma data sobre nova redacción do texto do artigo 17. Á vista das alegacións dos colectivos integrantes da Comisión de Ruídos, o Concelleiro Delegado de Medio Ambiente acorda convocar á Comisión para o 14 de decembro de 2006 co obxecto de que presenten as alegacións que estimen pertinentes.

I.7. Con data 14 de decembro de 2006, reúnese a Comisión de Ruídos onde os seus membros presentan alegacións con relación á nova redacción do texto do artigo 17 da Ordenanza de Ruídos.

I.8. Con data 04 de xaneiro de 2007, reúnese a Comisión de Ruídos onde a Presidencia dá conta da proposta da Asesora Xurídica de 04/01/2007 sobre nova redacción do texto do artigo 25 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (*“Traballos na vía pública e na edificación”*), elaborada en cumprimento da solicitude verbal do Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente.

Asemade, a Presidencia da conta do informe do Sr. Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades do 18 de decembro de 2006, onde se propoñen outras modificacións do articulado da Ordenanza e do seu Manual Anexo; así é de destacar: O establecemento de condicións mais esixentes no grao de illamento que deberán ter os establecementos públicos de ocio con o sen música, o establecemento dunha distancia mínima de 100 m entre locais de ocio con música en calquera emprazamento de uso característico ou predominante residencial dentro do termo municipal... Pola Xefatura de Licenzas de Actividades propónse que ditas modificacións da Ordenanza se articulen como unha “addenda-anexo” á mesma. Asemade, propón unha serie de medidas que poderían adoptarse coa declaración das zonas como acusticamente saturadas.

I.9. Con data 10 de xaneiro de 2007, reúnese a Xunta Voceiros onde o Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente dá conta da proposta da Asesora Xurídica de 4 de xaneiro de 2007 sobre nova redacción do texto do artigo 25 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica ("*Traballos na vía pública e na edificación*"). Asemade, infórmase das outras modificacións da Ordenanza Municipal e a Xunta de Voceiros, por unanimidade, acorda modificar a Ordenanza. Non obstante, consideran que as modificacións que se pretendía introducir como "Addenda-Anexo", propostas polo Sr. Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades, se redacten sobre o texto do articulado da Ordenanza.

I.10. Con data 11 de xaneiro de 2007, reúnese a Comisión de Ruídos acordando, por unanimidade, solicitar aos Técnicos Municipais introducir as modificacións da "Addenda-Anexo" dentro do texto do articulado da Ordenanza e máis a elaboración dun Protocolo de Actuacións a seguir no ámbito de aplicación das futuras ZAS.

I.11. Mediante informe do 14 de febreiro de 2007, o Sr. Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades propón redacción definitiva das modificacións da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica e do seu Manual de Procedementos para a medición de ruídos e vibracións referidas a:

- Con respecto ao Manual de Procedementos, anexo á Ordenanza, propón unha pequena corrección de erros, engadir como novos apartados os números 9, 10 e 11, así como modificar os "Valores de referencia para o nivel sonoro reverberado L e illamento acústico normalizado R a considerar para as diferentes actividades" e maila modificación da Táboa 4.

- Con respecto á Ordenanza Municipal, o Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades propón a modificación do texto do artigo 15 e unha nova redacción da disposición transitoria.

II. NORMATIVA APLICABLE:

- CE: Constitución Española de 1978.
- LRXPAC: Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- LRBRL: Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- LMMGL: Lei 57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- RSCL: Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- TRRL: Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- LALGA: Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- LR: Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.
- LPCCA: Lei 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a Contaminación Acústica de Galicia.
- RPCA: Decreto 150/1999, do 7 de maio, Regulamento de Protección contra a Acústica de Galicia.
- OMPCCA: Ordenanza Municipal do Excmo. Concello de Vigo sobre protección do

medio contra a contaminación acústica e o seu Manual Anexo de procedementos para a medición de ruídos e vibracións (publicada no BOP nº 198, do 16 de outubro de 2000).

III. XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

A preocupación do Excmo. Concello de Vigo pola defensa dos dereitos individuais de rango constitucional dos seus cidadáns, tales como o dereito á integridade persoal consagrado no artigo 15 da Carta Magna, o dereito á protección da saúde (art. 43 C.E), o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45.1 C.E) e o dereito a gozar dunha vivenda digna (art. 47 C.E), plásmase nun conxunto de actuacións municipais que pretenden loitar contra o ruído por ser un serio problema para a saúde pública e unha ameaza para a convivencia pacífica.

Entre estas actuacións atópase a intención do Concello de Vigo de aprobar, en exercicio da súa potestade regulamentaria, a modificación da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica e do seu Manual de Procedementos para a medición de ruídos e vibracións.

As modificacións da OMPCCA teñen como finalidade previr, vixiar e reducir a contaminación acústica para evitar e reducir os danos que de esta poidan derivarse para a saúde humana, os bens e o medio ambiente.

IV. CONTIDO DAS MODIFICACIÓNS:

IV.1. Mediante informe do 14 de febreiro de 2007, que se dá integramente por reproducido, o Sr. Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades propón modificar a Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica e o seu Manual de Procedementos para a medición de ruídos e vibracións nos seguintes puntos:

- Con respecto ao Manual de Procedementos, anexo á Ordenanza, propón unha pequena corrección de erros, propón engadir como novos apartados os números 9 (*"Procedemento dos niveis de recepción"*), 10 (*"Técnicas de medida do illamento a ruídos de impacto para controlar a execución e efectividade do chan flotante con que han de contar os establecementos públicos de lecer e aqueles nos que se orixinen ruídos de impactos"*) e 11 (*"Técnicas de medida do acondicionamento acústico dos locais, absorción do local, medición do tempo de reverberación do local"*), así como modificar o contido da Táboa 4 e mailos "Valores de referencia para o nivel sonoro reverberado L e illamento acústico normalizado R a considerar para as diferentes actividades".

- Con respecto á Ordenanza Municipal, o Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades propón a modificación do texto do artigo 15 e unha nova redacción da disposición transitoria.

O Sr. Xefe de Licenzas de Actividades, no informe-proposta do 14 de febreiro de 2007 xustifica as modificacións propostas pronunciándose nos seguintes termos: *"...formúlanse as seguintes modificacións á vixente Ordenanza Municipal de Ruídos*

e Vibracións do Concello de Vigo e o seu Manual de Procedementos (BOP núm. 198 do 16 de outubro de 2000) que estableza condicións máis esixentes en canto grado de illamento que han de alcanzar os establecementos públicos de lecer con ou sen música, medición de illamentos e niveis xerados polos equipos de ventilación e climatización dos locais de lecer, control da absorción mediante a medición do tempo de reverberación do local e establecemento dun procedemento de medición de ruídos de impacto que permita controlar a execución e efectividade do chan flotante con que ha de contar estes locais. Establécense tamén distancias mínimas (100 m) entre locais de lecer con música en calquera emprazamento de uso característico ou predominante residencial dentro do termino municipal e para unha maior seguridade xurídica na tramitación dos expedientes sancionadores describírase de forma máis detallada o procedemento a utilizar para a medición dos niveis de recepción. Así mesmo propónse a modificación das disposicións transitorias, tendo en conta as variacións introducidas no texto na ordenanza.”

IV.2. Mediante informes de datas 30 de novembro de 2006 e 04 de xaneiro de 2007, a Asesora Xurídica de Medio Ambiente propón modificar a redacción dos artigos 17 e 25 da Ordenanza Municipal:

IV.2.1. Modificación do artigo 17: Esta modificación ten a súa xustificación na pretensión municipal de declarar certas zonas da nosa cidade, onde se están a superar en máis de 15 dB(A), no ambiente exterior en horario nocturno, o nivel máximo permitido -45 dB(A)- na Táboa I do Anexo á Ordenanza Municipal, como Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS).

A actual regulación do artigo 17 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (publicada no BOP nº 198, do 16 de outubro de 2000) xa posibilita que naquelas zonas da cidade onde existan numerosos establecementos públicos e os niveis xerais de recepción externa producidos pola adición das múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que os utilizan superen en máis de 15 dB(A) os niveis fixados no Manual de Procedementos para a Medición de Ruídos e Vibracións, anexo á Ordenanza, a Alcaldía poda establecer limitacións máis restritivas no uso das fontes sonoras polos citados establecementos.

A Lei Galega 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a Contaminación Acústica, no art. 7.4 do seu Anexo, soamente define como zonas saturadas “aquellas que han alcanzado los máximos niveles de ruido en el exterior fijados para las mismas, debido a que la actividad desarrollada provoque la concentración de fuentes sonoras o la afluencia de público”. Nin a Lei Galega 7/1997, nin o seu Regulamento de desenvolvemento, Decreto 150/1999, establecen o procedemento para a declaración da ZAS, así como tampouco se establecen os efectos que dita declaración podería implicar, nin se determina o prazo de vixencia ou cese da ZAS. Esta deficiente regulación contrasta coa minuciosidade con que se regula noutras CCAA, tales como Andalucía, Madrid ou Comunidade Valenciana. Por outra banda, a nosa Ordenanza tampouco regula os citados aspectos, limitándose a recoñecer no artigo 17 a facultade da Alcaldía para establecer limitacións máis restritivas no uso das fontes sonoras polos citados establecementos. Considero segundo o meu criterio, a salvo calquera outro mellor fundado en dereito, que dentro deste precepto, cando se alude á facultade da Alcaldía para establecer limitacións máis

restritivas no uso das fontes sonoras, ao superarse en máis de 15 dB(A) os niveis fixados na Ordenanza, cabería a posibilidade de declarar unha zona como ZAS. Non obstante, por seguridade xurídica, previa ou simultaneamente á declaración polo Pleno desta Corporación, no seu caso, dunha zona da cidade como Acusticamente Saturada procede modificar o artigo 17 da Ordenanza Municipal co obxecto de establecer o procedemento administrativo a seguir, as condicións en que é posible aprobar tal declaración, así como os efectos que podería implicar unha declaración desa índole. En todo caso, a aprobación da declaración da ZAS condicionaríase á aprobación da modificación da Ordenanza Municipal.

Así, o actual artigo 17 pasaría a un:

- Artigo 17: Define o presuposto de feito que debe concorrer para declarar unha zona como ZAS.
- Artigo 17 Bis: Establece o procedemento administrativo a seguir para aprobar tal declaración.
- Artigo 17 Ter: Establece os efectos que poden derivarse da declaración da ZAS.
- Artigo 17 Quarter: Regula a vixencia e cesamento da ZAS.

Deste xeito, poderán ser declaradas Zonas Acusticamente Saturadas aquelas nas que, aínda cando cada actividade individualmente considerada cumpra cos niveis establecidos na presente Ordenanza Municipal, a media semanal nocturno -nivel equivalente semanal nocturno-Leq semanal- supere en máis de 15 dB(A) os niveis máximos permitidos na emisión ao medio ambiente exterior fixados na Táboa I do Manual de Procedementos, anexo á Ordenanza. Asemade, para acordar o cesamento da ZAS e alzar as medidas adoptadas, deberase constatar a redución dos niveis sonoros exteriores ata acadar os límites establecidos na Ordenanza mediante medicións sonométricas realizadas, seguindo un criterio equitativo, en virtude do principio de igualdade e proporcionalidade, de xeito “análogo” ás da declaración. Non resultaría axustado a dereito que ao constatar a redución dos niveis sonoros se estableza para a realización das medicións sonométricas un período de tempo substancialmente diferente e superior ao que se establece para acordar a declaración da ZAS.

Con relación ao artigo 17 Ter, que regula os efectos da declaración dunha zona como ZAS, sinalar que será o Pleno da Corporación quen aprobe as medidas que se adoptarán no ámbito da ZAS, quedando ditas zonas suxeitas a un réxime especial de actuacións de carácter temporal, que terá por obxecto a progresiva redución dos niveis sonoros exteriores, ata acadar os límites establecidos na Ordenanza de Ruídos. En calquera caso, sinalar que os efectos que, no seu caso, estableza a declaración da ZAS, non implicarían a violación do principio de seguridade xurídica previsto no artigo 9.3 da CE, que prohíbe a aplicación retroactiva dunha norma que poida prexudicar dereitos individuais, pois non estamos en presenza de ningunha disposición sancionadora ou restritiva de dereitos individuais das comprendidas no ámbito do expresado precepto constitucional; debe terse en conta que como ten declarado o Tribunal Supremo (S. de 14 de outubro de 1992, entre outras) que o outorgamento dunha licenza de actividade pode cualificarse como unha autorización administrativa de tracto continuo, que dá lugar a unha relación permanente entre o titular e o municipio, pois este último pode exercer actividades de inspección e corrección das condicións en que se exerce a actividade, xa que, as

referidas licenzas pola súa natureza non entrañan un dereito inmutable no seu goce, senón que deberán axustarse a diario ás necesidades sociais e urbanas, de tal xeito que a súa regulación municipal con carácter restritivo en modo algún podería cualificarse de sancionadora.

IV.2.2. Modificación do artigo 25 da Ordenanza: Proponse modificar a actual redacción do artigo 25 da Ordenanza, referido á realización dos traballos na vía pública e na edificación, co obxecto de establecer unha regulación que posibilite reducir as molestias e os ruídos derivados da execución dos referidos traballos.

Deste xeito, régulanse con maior claridade os niveis de ruído e vibracións permitidos como consecuencia da realización de traballos na vía pública e na edificación. Establécese que os traballos que impliquen obras de escavación non poderán realizarse antes das 9:00 horas xunto coa prohibición de traballar en domingo ou festivo. Asemade, establécese a obriga do Concello de promover o uso de maquinaria e equipos de baixa emisión acústica. Así, no marco da contratación pública de obras, subministracións e prestación de servizos, a tal efecto, incorporárase nos pregos de condicións técnicas-administrativas dos concursos para a adquisición de subministracións o para a adxudicación de obras ou servizos as cláusulas específicas ao respecto.

V. COMPETENCIA MUNICIPAL:

V.1. Considerando que o Municipio conforme aos artigos 25.2.d -f) da LRBRL 7/1985 e 80.2.d-f) da LALGA 5/1997, posúe competencia en materias tales como o urbanismo e a protección do medio ambiente, e que conforme aos artigos 26.1.d) da LRBRL e 81.d) da LALGA é un servizo público de prestación obrigatoria para municipios de máis de 50.000 habitantes,

V.2. Considerando que o ruído é un axente contaminante, gravemente perturbador do medio ambiente e desa idea de calidade de vida á que todos temos dereito conforme ao artigo 45 da CE, pola que deben velar os poderes públicos, e cuxo recoñecemento, respecto e protección informará tanto a actuación administrativa, como a lexislación e a práctica xudicial (art. 53.3 CE), proponse modificar a Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica no sentido indicado no corpo deste informe. Modifícase a Ordenanza de Ruídos, de carácter medio ambiental, de acordo coa potestade recoñecida ás Corporacións Locais de intervir na actividade dos cidadáns a través de Ordenanzas (artigos 4.1.a, 84.1.a da LRBRL, 5 do RSCL e 6 LR 37/2003).

V.3. Con relación á nova regulación do artigo 17 da Ordenanza manifestar que, o Concello é competente para ditar acordos, como o de Zona Saturada, que poden afectar a usos permitidos polo PXOU, sen vulnerar o principio de igualdade e liberdade de empresa recoñecido no art. 38 da CE. Falar de incompetencia municipal supoñería negar a posibilidade de regulación de usos inherentes a potestades pacíficas recoñecidas e amparadas pola mesma Constitución como as urbanísticas, medio ambientais ou de protección do patrimonio histórico. Neste sentido pronúnciase reiteradamente a doutrina de xurisprudencia, por todas STSX de Andalucía de 24 de setembro de 1999.

Polo exposto, con respecto á nova redacción que se propón do artigo 17 non existe dúbida sobre a competencia municipal para ditar acordos, como o de Zona Saturada.

V.4. Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos Proxectos de Ordenanzas (art 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das Ordenanzas e Regulamentos Municipais (art. 123.1.d).

V.5. De acordo co disposto no art. 49 da LRBRL, seguirase o seguinte procedemento para a aprobación da modificación da Ordenanza: Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Asemade, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

V.6. Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a modificación da Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP entrando en vigor na data disposta na disposición final, aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”

Polo anteriormente exposto, a funcionaria informante emite proposta de proxecto de modificación da ordenanza.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 1 de marzo, acorda aprobar o proxecto citado modificando a redacción do artigo 17 quarter e engadindo unha Disposición adicional II.

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 1 de marzo de 2007, ditamina favorablemente o proxecto de modificación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

Ambos puntos da orde do día sométense a debate conxuntamente, figurando ó texto do mesmo ó comezo desta acta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Caballero Míguez e Iglesias Carrera)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e quince abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández

Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións e do seu Manual-Anexo de Procedementos para a medición de ruídos e vibracións (exp. Nº 4664/306), co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza Modificada no BOP, entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación.

ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA PRODUCIDA POLA EMISIÓN DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS (MODIFICACIÓN):

ARTIGO 15.- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS.

1.- Aos proxectos das actividades que implican funcionamento dentro do horario nocturno, que se especifican na táboa 4 do Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións, anexo a esta ordenanza, esixiráselles un illamento acústico normalizado R mínimo entre a actividade e a vivenda lindeira, de acordo co indicado na mencionada táboa.

O acceso do público realizarase a través dun departamento estanco con absorción acústica e dobre porta. Exceptuarase desta esixencia aos bares, cafeterías, restaurantes, mesóns e similares, con ou sen TV e sen música e aos salóns de xogos recreativos pertencentes ao grupo I, así como ás panaderías e confeiterías con obrador pertencentes ao grupo VI.

Todas as actividades que implican funcionamento dentro do horario nocturno que se especifican na anteriormente citada táboa 4, ademais do cumprimento das prescricións establecidas neste título, con carácter xeral adoptarán as seguintes:

- Instalación de chan flotante se o chan do establecemento se asenta sobre un forxado, dispoñendo libre o espazo inferior. Cando o chan do establecemento estea asentado sobre terreno firme, admitirase a desolarización do paramento horizontal dos verticais, especialmente dos piares.

- Instalación de dobres paredes laterais flotantes e desolarizadas en todo o contorno do local.
- Instalación dun teito acústico desconectado mecanicamente do forxado da planta inmediatamente superior.
- Non se permite a instalación de condutos de aire ou calquera outro tipo de instalacións entre o falso teito acústico e o forxado superior, así como calquera perforación deste para instalar equipos de iluminación, megafonía, etc., deberase dispor por debaixo do falso teito necesario para as instalacións.

Nos establecementos do grupo I non se permitirá a instalación de equipos de reprodución/amplificación de música ou de vídeo, nesta categoría de establecementos soamente poderá instalarse fío musical, ou un aparello de radio ou de televisión, que deberán funcionar sen estar conectados a amplificadores ou altosfalantes.

Excepcionalmente, para os establecementos do grupo I, situados en zonas especiais nas que sexa desexable que o manter o acabado de determinados paramentos en función das características do contorno, poderá eximirse da esixencia de contar con dobre parede lateral flotante a algún dos paramentos verticais, sempre e cando se trate dun muro de pedra de suficiente espesor que garanta amplamente o illamento acústico e se substitúa por outra medida complementaria de illamento non esixible. Pola súas especiais características de funcionamento, os ximnasiaos, locais de aeróbic, escolas de danza e similares pertencentes ao grupo 1, e as academias de música e locais de ensaio con actividade só diúrna pertencentes ao grupo 1, aínda cando non impliquen funcionamento dentro do horario nocturno, deberán contar con chan flotante, dobres paredes flotantes e desolarizadas e teito acústico desconectado mecanicamente do forxado superior.

2.- Para garantir a adecuada e eficaz defensa das e dos veciños ante actividades de probado e manifesto carácter molesto, con independencia do indicado con carácter xeral anteriormente, e sen prexuízo doutras certificacións ou comprobacións que se lle poidan esixir á propiedade ou ser realizadas pola Administración Municipal, antes da concesión da licenza de posta en marcha de tódalas actividades nocturnas da táboa 4 e as diúrnas dos grupos 1 e 2 do Manual de Procedementos adxunto, o Concello esixiralle á propiedade un certificado de illamento acústico conseguido entre a actividade e as vivendas lindeiras co local. A dita certificación realizarase por empresas ou entidades homologadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente). As medicións efectuaranse de acordo coas especificacións establecidas no Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións, que se achega con esta ordenanza, deberanse acadar os valores mínimos de illamento acústico que se indican na táboa 4 dese manual.

A certificación incluírá as medicións do illamento correspondentes ás vivendas lindeiras co local proporcionando os valores do $(D_{nT,w+C})$ e $(D_{nT, 125})$, as do illamento das fachadas principal a vía pública e posterior ou a patios $(D_{1s,2m,nT,w+C})$, así como a do illamento con respecto ao portal do edificio ou

zonas comúns interiores de acceso ás vivendas, de acordo co indicado no Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións.

Para o control da execución e efectividade do chan flotante, a certificación de illamento incluírá tamén a medición, segundo procedemento descrito no Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións (aptdo. 10) correspondente aos ruídos de impacto ($L_{nAeq} 10s$), que non superarán na vivenda lindeira co local, os valores de 40 dB en horario diúrno e 35 dB en horario nocturno.

Asemade para todos os establecementos correspondentes as actividades nocturnas da táboa 4, excepto as do grupo VI, e para todos os dos grupos 1 e 2 pertencentes as actividades diúrnas, incluírase a medición do tempo de reverberación ($T_{20, mid}$) segundo o indicado no Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións (aptdo. 11) correspondente ao acondicionamento interior do local, cuxo valor non será maior de 0,9 s.

Nas certificacións describíranse os diferentes procedementos de medicións empregados e xustificárase a elección das vivendas e recintos seleccionados para facer as medicións, que serán os mais afectadas polos ruídos xerados por la actividade, identificándose claramente os lugares onde se han efectuado as medicións. Virán firmadas por técnico competente e visadas polo correspondente colexio oficial.

No seu caso, a certificación incluírá tamén a medicións dos niveis en dBA (L_{Aeq}) xerados polos equipos de ventilación e climatización dos locais. O nivel de ruídos, transmitido tanto ao exterior do local como ao interior das vivendas, estará dentro dos valores máximos permitidos pola Ordenanza Municipal sobre Ruídos e Vibracións.

3.- Nos locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de madeira e o uso previsto no edificio para a planta situada inmediatamente enriba do local sexa o residencial ou de vivenda, non se poderá instalar ningunha das actividades que implican funcionamento dentro do horario nocturno que se especifican na mencionada táboa 4 do Manual de Procedementos, exceptuando os bares, cafeterías, restaurantes e similares que non contén con equipo de reprodución sonora pertencentes ao grupo I. Nos locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de formigón e o uso previsto para a planta situada inmediatamente enriba do local sexa o residencial ou de vivenda, non se poderán instalar discotecas, salas de festas, salas de baile, locais de exhibicións especiais e, en xeral, todo tipo de locais que impliquen actuacións en directo con música ou canto en vivo pertencentes ao grupo V correspondentes ás actividades nocturnas, e os pertencentes ao grupo 2 das actividades diúrnas.

4.- Establecemento de distancias mínimas entre locais de lecer con música: Co fin de evitar a concentración deste tipo de locais e impedir que se produzan zonas saturadas de ruídos pola acumulación de locais de lecer con música, non se tramitará ningunha licenza deste tipo de locais en calquera emprazamento de uso característico ou predominante residencial, sempre que exista a unha distancia

menor de cen metros (100 m) un local de lecer con música que conte con licenza concedida ou en trámite. Dita distancia medirase en liña recta sobre a vía publica entre os puntos medios das respectivas fachadas dos locais. Asemade, non poderá estar incluído ningún local deste tipo no interior dun círculo de 50 metros de radio co centro no punto medio da fachada do local que solicita licenza de actividade. As devanditas medidas serán extensivas a todas as actividades nocturnas pertencentes aos grupos II, III, IV e V e dentro do grupo I aos salóns de xogos recreativos da Táboa 4 do Manual de Procedementos.

ARTIGO 17.- ZONAS ACUSTICAMENTE SATURADAS: PRESUPOSTO DE FEITO.

1.- Son Zonas Acusticamente Saturadas aquelas zonas do municipio nas que se producen uns elevados niveis sonoros debido á existencia de numerosas actividades de ocio ou establecementos públicos, á actividade das persoas que os utilizan, ao ruído do tráfico en ditas zonas así como a calquera outra actividade que incida na saturación do nivel sonoro da zona.

2.- Poderán ser declaradas Zonas Acusticamente Saturadas aquelas nas que, aínda cando cada actividade individualmente considerada cumpra cos niveis establecidos na presente Ordenanza Municipal, a media semanal nocturna (nivel equivalente semanal nocturno-Leq semanal) supere en máis de 15 dB(A) os niveis máximos permitidos na emisión ao medio ambiente exterior fixados na Táboa I do Manual de Procedemento para a medición de ruídos e vibracións, anexo a esta Ordenanza.

ARTIGO 17 BIS.- DECLARACIÓN.

1.- Corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, de oficio ou a petición de persoa interesada, a aprobación inicial da proposta de declaración de Zona Acusticamente Saturada que poderá incluír a adopción de medidas cautelares.

2.- Trala aprobación inicial abrírase un trámite de información pública para a presentación de reclamacións e suxestións por un período de 20 días hábiles, mediante a publicación de senllos anuncios no taboleiro de Editos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e comunicación na prensa da localidade de maior difusión. De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e xirando comunicación á prensa da localidade de maior difusión, entrando en vigor, salvo que nel se dispoña o contrario, ao día seguinte ao da súa publicación.

3.- A declaración de Zona Acusticamente Saturada corresponde ao Pleno a Corporación Municipal. Dita declaración expresará os lugares afectados, medidas adoptadas e prazo de vixencia da mesma.

ARTIGO 17 TER.- EFECTOS.

1.- As Zonas Acusticamente Saturadas quedarán suxeitas a un réxime especial de actuacións de carácter temporal, que terá por obxecto a progresiva redución dos niveis sonoros exteriores, ata acadar os límites establecidos na presente

Ordenanza.

2.- A declaración de Zona Acusticamente Saturada habilitará ao Pleno da Corporación para a adopción de todas ou algunhas das seguintes medidas:

- Suspensión do outorgamento de novas licenzas de apertura, ampliación ou modificación, en tanto permanezan as condicións acústicas que orixinaron a declaración, para actividades nocturnas pertencentes aos grupos II (cines, salas de vídeo, bingos e similares), III (bares con música, pubs, whiskerías e similares, e boleiras), IV (teatros e auditorios), V (salas de festa, discotecas e locais con música ou canto en vivo) e dentro do grupo I aos salóns de xogos recreativos; tamén poderanse suspender as licenzas dos locais comerciais con horario nocturno, tipo locais de conveniencia.
- Establecer horarios restrinxidos, por razón do tipo de actividade, para o desenvolvemento das actividades responsables, directa ou indirectamente, dos elevados niveis de contaminación acústica.
- Sinalar zonas ou vías nas que se prohiba circular a determinadas clases de vehículos a motor ou deban facelo con restricións horarias ou de velocidade.
- Prohibición ou limitación horaria de colocar mesas e cadeiras na vía pública, así como suspensión temporal das licenzas concedidas.
- Calquera outra medida que se considere axeitada polo Pleno da Corporación para reducir os niveis de contaminación acústica.

ARTIGO 17 QUARTER.- VIXENCIA.

As medidas adoptadas manteranse en vigor en tanto non quede acreditada a recuperación dos niveis superados, mediante a realización de tres medicións sonométricas realizadas ao longo de tres meses, unha por mes, acompañadas de informe técnico, e se acorde o cesamento da declaración da Zona Acusticamente Saturada polo Pleno da Corporación, previa información pública, publicándose no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 25.- TRABALLOS NA VÍA PÚBLICA E NA EDIFICACIÓN.

1.- Nas obras e traballos de construción, modificación, reparación ou derruba de edificios ou infraestruturas, así como as que se realicen na vía pública, non se autorizará a utilización de maquinaria que non se axuste á lexislación vixente en cada momento ou non sexan utilizadas nas condicións correctas de funcionamento. Os sistemas ou equipos complementarios utilizados en todo tipo de obra serán os tecnicamente menos ruidosos e a súa manipulación será a máis correcta para evitar ou reducir a contaminación acústica.

Os niveis de ruído e vibracións fixados nas Táboas 1 (valores de recepción do ruído procedente das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal no ambiente exterior), 2 (valores de recepción do ruído procedente das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal no ambiente interior) e 3 (valores de

recepción das vibracións procedentes das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal no ambiente interior) do Anexo da presente Ordenanza Municipal non serán de aplicación a estas fontes sonoras.

2.- Os responsables ou titulares das obras adoptarán baixo a súa responsabilidade as medidas correctoras oportunas para evitar ou, no seu caso, reducir os niveis sonoros por elas producidos. O Concello poderá eximir da precedente obriga ás obras cuxa demora na súa realización poida comportar perigo de afundimento, corremento, inundación, explosión ou risco de natureza análoga.

3.- Os traballos realizados en días laborables tanto na vía pública coma na edificación non poderán realizarse entre as 22:00 e as 8:00 horas do día seguinte. Asemade, os traballos que impliquen obras de escavación non poderán realizarse antes das 9:00 horas. Prohíbese traballar en domingo ou festivo.

Exceptúanse da prohibición anterior as obras urxentes, as que se realicen por necesidade ou perigo e aquelas que, polos seus inconvenientes, non se poidan realizar durante o día. Este traballo nocturno será autorizado ou ordenado polo Concello.

4.- O Concello promoverá, en xeral, o uso de maquinaria e equipos de baixa emisión acústica. En particular no marco da contratación pública de obras, subministracións e prestación de servizos. A tal efecto, incorporárase nos pregos de condicións técnicas-administrativas dos concursos para a adquisición de subministracións o para a adxudicación de obras ou servizos as cláusulas específicas ao respecto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS:

Primeira.- Os establecementos públicos con licenza de actividade e instalación outorgada con anterioridade á entrada en vigor da mencionada ordenanza, adaptaranse ao disposto no artigo 15 nos casos seguintes:

- Cando se realicen modificacións, ampliacións ou reformas que excedan ás obras de mera hixiene, ornato ou conservación.
- Cando así se imponha como esixencia para reapertura dos establecementos clausurados por incumprimento dos niveis fixados na ordenanza e conforme ao procedemento establecido no Título V.

Segunda.- Nas licenzas en trámite solicitadas con anterioridade á data da aprobación inicial da presente ordenanza que contén con proxecto de obras de adaptación visado tamén con anterioridade a esta data, non será de aplicación o disposto no artigo 15 da presente ordenanza en cuanto ao illamento esixible e cumprimento de distancias mínimas entre locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL II.

Adóptase a obriga de revisar, pasado un ano da entrada en vigor das presentes modificacións da Ordenanza Municipal, os valores de recepción de ruído no ambiente interior, con respecto a residencial habitacións en horario nocturno da

Táboa 2 do Manual.

ANEXO

MANUAL DE PROCEDEMENTOS DO CONCELLO DE VIGO PARA A MEDICIÓN DE RUIDOS E VIBRACIÓNS:

CORRECCIÓN DE ERROS:

- 1.- No apartado nº 1 do Manual (Procedemento para a medición de ruidos e vibracións) substituír o termo medicións por definicións.
- 2.- Nos apartados de definicións e medicións do Manual ao referirse á medición utilizando o percentil 90 (L_{90}), substituír o encabezado “ruído de fondo” por “ruído ambiental de fondo”.
- 3.- No encabezado das táboas 1, 2 e 3 engadir a expresión “procedente das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal”.

ENGADIR AO MANUAL UN APARTADO 9: “PROCEDIMENTO DE MEDICIÓN DOS NIVEIS DE RECEPCIÓN”.

9.1.- As medicións dos niveis de recepción interior realizaranse coas portas e fiestras do recinto onde se efectúa a medición pechadas co obxecto de conseguir que non exista influencia do ruído exterior de fondo e eliminando toda posibilidade de ruído interior da propia vivenda. Restrinxirase ao mínimo imprescindible a presenza de persoas alleas ás que están efectuando a medición, debendo permanecer caladas e sen moverse do seu emprazamento durante todo o tempo que dure a realización da medición.

9.2.- Para proceder á medición identificarase de forma inequívoca a fonte sonora que se pretende medir. Efectuaranse tres medicións de curta duración, en xeral de 15, 20 ou 30 seg., utilizando normalmente o parámetro de medición correspondente ao nivel continuo equivalente en dBA ($L_{Aeq, 15s}$, $L_{Aeq, 25s}$ ou $L_{Aeq, 30s}$) en función do tipo de ruído a medir, ou o percentil 10 (L_{10}) para o caso de ruidos transitorios aleatorios.

Se durante as medicións observárase a existencia de calquera ruído alleo á fonte sonora que se pretende medir e se verificara que a súa intensidade sonora afecta ao resultado da medida, reiniciarase a medición tantas veces como sexa necesario poñendo a cero o sonómetro, ata obter medicións que non recollan ningún ruído alleo á fonte sonora que se pretende medir.

O valor da medición é a media aritmética dos tres valores así obtidos.

9.3.- Se durante as medicións, aínda seguindo o procedemento descrito no parágrafo anterior, non fose posible anular totalmente o ruído alleo á fonte sonora que se pretende medir e se verificara que a súa intensidade sonora afecta ao resultado da medida, pódese optar por realizar a medición noutro momento no que

o ruído de fondo sexa de menos intensidade, ou realizar a medición nesas condicións, pero deberase efectuar a correspondente corrección polo ruído existente alleo á fonte sonora, é dicir, temos que restarlle mediante unha función logarítmica ao valor medido o nivel sonoro correspondente ao ruído de fondo.

9.4.- Para realizar a medición coa existencia de ruído de fondo, mídese o nivel de ruídos do conxunto formado pola fonte sonora e o ruído de fondo (L_1).

9.4.1.- Procédese a continuación a parar a fonte sonora e mídese nas mesmas condicións, é dicir utilizando o mesmo parámetro e as mesmas condicións de medición, o nivel producido polo ruído de fondo (L_2) e obtense a diferenza $m = L_1 - L_2$ entre ambos valores.

9.4.2.- Se o valor de m é menor ou igual a 3 desistírase da medición, dado que ao ser o ruído de fondo existente moi próximo ao da fonte non se podería determinar cal deles é de maior intensidade.

9.4.3.- Se o valor de m é superior a 10, o valor do nivel de ruídos da fonte sonora non se ve afectado polo ruído de fondo e non é necesario establecer ningunha corrección.

9.4.4.- Se o valor de m é maior que 3 e menor ou igual que 10, o nivel de ruídos da fonte sonora (L) obxecto da medición virá dado por resta dos niveis sonoros das dúas medicións realizadas mediante a seguinte función logarítmica $L = 10 \log(10^{L_1/10} - 10^{L_2/10})$. Neste caso a corrección estaría comprendida entre os 0,5 e os 2,6 dBA, é dicir que o valor da medición do nivel de ruídos da fonte sonora L , sería como moito 2,6 dBA menor que o nivel de ruídos do conxunto formado pola fonte sonora e o ruído de fondo L_1 .

9.5.- Non se confundirá a corrección por ruído de fondo que se deba realizar cando ao efectuar unha medición se observase a existencia de ruído de fondo alleo á fonte sonora que tratamos de medir, que non se pode anular e que pode afectar ao resultado da mesma, co que se denomina ruído ambiental de fondo existente nun determinado ambiente ou recinto, que se define como o nivel de presión acústica que se supera durante o 90% (L_{90}) dun tempo de observación suficientemente significativo en ausencia do ruído obxecto da inspección.

9.5.1.- No caso de ter que efectuar a corrección por ruído de fondo, utilizarase o mesmo parámetro e tempo de medición que utilizamos para medir o ruído da fonte sonora, é dicir o $L_{Aeq, 15s}$, $L_{Aeq, 20s}$ ou $L_{Aeq, 30s}$.

9.5.2.- Mentres que no caso de que o que queiramos obter sexa o ruído ambiental de fondo, ou sexa cando o que pretendemos é medir unicamente o ruído de fondo existente nun recinto en ausencia do ruído obxecto da inspección, utilizaremos como parámetro de medición o percentil L_{90} , realizado unha toma de datos de polo menos 5 minutos ou período de tempo representativo, tal como establece ao respecto o Manual de Procedementos da Ordenanza Municipal de Ruídos do

Concello de Vigo. Valor que non é perceptivo nas medicións pero que ás veces é conveniente reflectir para dar unha idea do nivel existente coa actividade sen funcionar.

ENGADIR AO MANUAL UN APARTADO 10: "TÉCNICAS DE MEDIDA DO ILLAMENTO A RUÍDOS DE IMPACTO PARA CONTROLAR A EXECUCIÓN E EFECTIVIDADE DO CHAN FLOTANTE CON QUE DEBERÁN CONTAR OS ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS DE LECER E AQUELES NOS QUE SE ORIXINEN RUÍDOS DE IMPACTOS".

10.1.- Para a medición do illamento a ruídos de impactos seguirase o seguinte protocolo de medida:

10.1.1.- Utilizarase como fonte xeradora unha máquina de impactos normalizada conforme ao anexo A da norma UNE-EN-ISO 1407 (1999) ou calquera outra que a substitúa.

10.1.2.- A máquina de impactos situarase polo menos en dúas posicións diferentes.

10.1.3.- Por cada unha das posicións da máquina de impactos na sala emisora efectuaranse medicións do $L_{Aeq} 10s$ en, polo menos, dúas posicións do micrófono na sala receptora.

10.1.4.- Procederase a medir na sala receptora colocando o micrófono nas seguintes posicións:

- 0,7 metros entre posicións de micrófono.
- 0,5 metros entre calquera posición de micrófono e os bordes da sala.
- 1 metro entre calquera posición de micrófono e o chan da sala receptora.
- As distancias reflectidas considéranse valores mínimos.

10.1.5.- Teranse en conta as posibles correccións por ruído de fondo conforme á norma UNE-EN-ISO- 1407 (1999) ou calquera outra que a substitúa.

10.1.6.- O resultado da medición será o nivel sonoro máximo alcanzado durante as medicións realizadas corrixidas polo ruído de fondo.

10.2.- Na vivenda lindeira co local non se superará o valor do $L_{pAeq} 10s$ medido segundo o procedemento anteriormente descrito, correspondente a 40 dB en horario diúrno e 35 dB en horario nocturno.

ENGADIR AO MANUAL UN APARTADO 11: "TÉCNICAS DE MEDIDA DO ACONDICIONAMENTO ACÚSTICO DOS LOCAIS, ABSORCIÓN DO LOCAL, MEDICIÓN DO TEMPO DE REVERBERACIÓN DO LOCAL"

11.1.- As paredes e elementos de separación horizontais que delimitan o local, por si mesmas ou coa axuda de revestimentos adecuados, terán a absorción acústica necesaria para que non se exceda o tempo de reverberación adecuado.

11.2.- O cálculo predictivo do tempo de reverberación farase mediante fórmula de Sabine a partir do volume e da absorción sonora do local.

11.3.- Os valores do coeficiente de absorción sonora e do área de absorción sonora equivalente determinaranse de acordo coa norma UNE-EN-ISO-354-93 ou calquera outra que a substitúa.

11.4.- A medición do tempo de reverberación dos locais realizarase de acordo coa norma UNE-EN-ISO-3382:2001 Acústica ou calquera outra que a substitúa.

11.5.- O tempo de reverberación ($T_{S, mid}$) nos locais de lecer de pública concorrencia, independentemente do volume do recinto e medido co local baleiro, non será maior de 0,9 s. Devandito valor referirase ao ($T_{20, mid}$), obtido mediante o promediado en bandas de terzo de oitava entre 400 e 1250 Hz, segundo apdo. 8.1. da norma UNE-EN-ISO-3382.

MODIFICAR “OS VALORES DE REFERENCIA PARA O NIVEL SONORO REVERBERADO E ILLAMENTO ACÚSTICO A CONSIDERAR PARA AS DIFERENTES ACTIVIDADES.”

1.- Valores de referencia para o nivel sonoro reverberado L e illamento acústico normalizado R a considerar para as diferentes actividades:

1.1.- A efectos de poder establecer uns valores de referencia para estimar nos proxectos o nivel sonoro reverberado L en dB(A) que considerárase para as diferentes actividades e a falta doutros datos, tomaranse como criterios orientativos os proporcionados no anexo 2 da NBE-CA-88, non obstante, na táboa 4 establécense os seguintes valores mínimos a considerar para as actividades que se citan, así como para calquera outra que se poida considerar que produza niveis sonoros similares.

1.2.- Asemade, para a determinación do illamento acústico normalizado R mínimo esixible entre a actividade e as vivendas lindeiras co local, tomaranse para as devanditas actividades os valores en dB(A) indicados na táboa 4.

2.- Para a medición do illamento acústico obtido entre a actividade e as vivendas lindeiras co local unha vez finalizadas as obras de insonorización utilizarase o nivel global en dB, da diferenza de niveis estandarizada ($D_{nT, w}$) afectado polo termo de adaptación espectral C correspondente a un ruído rosa normalizado con ponderación A ($D_{nT, w} + C$), de acordo coa norma UNE-EN ISO 717-1, alcanzará como mínimo o valor que se indica na seguinte táboa 4.

As medicións realizaranse en bandas de terzo de oitava para o rango de frecuencias comprendidas entre 100 e 3.150 Hz e de acordo co indicado na norma UNE-EN ISO 140-4 de medición *in situ* do illamento ao ruído aéreo entre locais.

2.1.- As medicións do illamento correspondente á zona de público ou lugar onde se desenvolve a actividade, realizáranse coas portas dos almacéns, aseos e resto de

dependencias do local abertas, xa que se estes recintos presentan un illamento inferior que o da zona de público e se o local funciona con estas portas abertas, poderíanse transmitir ás vivendas lindeiras niveis de ruído por encima dos permitidos, debéndose evitar tamén nestes recintos as conexións con *shunts* ou condutos de ventilación comúns co resto do edificio.

2.2.- Asemade, para as actividades que se indican na táboa 4 e co fin de asegurar unha boa insonorización do local nas baixas frecuencias, o illamento acústico obtido en dB entre a actividade e as vivendas lindeiras co local correspondente á banda de oitava de frecuencia central de 125 Hz ($D_{nT, 125}$), obtido a partir dos correspondentes valores de terzo de oitava, de acordo co disposto na norma ISO 140-4, (formula 10), alcanzará como mínimo o valor que se indica na mencionada táboa.

3.- Para a medición do illamento acústico obtido para a fachada principal lindeira coa vía pública utilizarase o nivel global en dB, da diferenza de niveis estandarizada ($D_{1s,2m,nT, w}$) afectado polo término de adaptación espectral C correspondente a un ruído rosa normalizado con ponderación A ($D_{1s,2m,nT,w+C}$), de acordo coa norma UNE-NISO 717-1. Alcanzará como mínimo o valor que se indica na táboa 4.

As medicións realizaranse en bandas de terzo de oitava para o rango de frecuencias comprendidas entre 100 e 3.150 Hz e de acordo co indicado na norma UNE-EN ISO 140-4 de medición *in situ* do illamento ao ruído aéreo de fachadas.

As fachadas posteriores ou a patios han de cumprir cun illamento 5 dB superior ao indicado para a fachada principal.

4.- O illamento con respecto ao portal do edificio ou zonas comúns interiores de acceso ás vivendas medírase utilizando o nivel global $D_{nT,w+C}$, alcanzando como mínimo o valor en dB que se fixa para as fachadas posteriores ou patios.

TÁBOA 4

Grupo	Actividades nocturnas	L dBA	R dBA	$D_{nT,w}$ +C dB	$D_{nT,125}$ dB	$D_{1s,2m,nT,w}$ +C dB
I	Bares, cafeterías, restaurantes, mesóns e similares, con ou sen T.V. e sen música, cibers e salóns de xogos recreativos.	80	60	60	45	35
II	Cines, salas de vídeo, bingos e similares.	90	70	70	55	50
III	Bares con música, pubs, whiskerías e similares, e boleiras.	90	70	70	55	50
IV	Teatros e auditorios.	95	75	75	58	55
V	Salas de festa, discotecas e locais con música ou canto en vivo.	100	80	80	60	60
VI	Panaderías e confeitерías con	85	65	65	50	45

obrador.					
----------	--	--	--	--	--

Grupo	Actividades diúrnas	L dBA	R dBA	D _{nT,w} +C dB	D _{nT,1} 25 dB	D _{1s,2m,nT} w+C dB
1	Ximnasia, locais de aeróbic, escolas de danza e similares con actividade só diúrna.	85	60	60	45	35
2	Academias de música e locais de ensaio con actividade só diúrna.	100	75	75	55	50
3	Talleres de mecánica e electricidade do automóbil.	85	55	55		
4	Talleres de reparación de motos.	90	60	60		
5	Garaxes con lavado automático de vehículos.	90	60	60		
6	Talleres mecánicos, de confección, imprentas.	90	60	60		
7	Talleres de carpintería de aluminio.	95	65	65		
8	Talleres de carpintería de madeira.	95	65	65		
9	Serrarías.	100	70	70		
10	Talleres de caldeirería, carpintería metálica e reparacións en chapa de vehículos.	100	70	70		

2.- (24).- DECLARACIÓN INICIAL DE ZONAS ACUSTICAMENTE SATURADAS E PROTOCOLO DE ACTUACIÓN. EXPTE. 4848/306.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de febreiro de 2007, a asesora xurídica de Medio Ambiente, coa conformidade do técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, emite o seguinte informe:

“I. ANTECEDENTES DE FEITO:

I.1. A Comisión Municipal de Ruídos coa Presidencia do Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente en sesión de 21.10.04 acordou, por unanimidade, solicitar informe xurídico sobre a viabilidade da súa pretensión de que se declaren Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS) diversas rúas da cidade de Vigo onde debido á existencia de numerosas actividades de ocio ou establecementos públicos, á actividade das persoas que os utilizan, ao ruído do tráfico nas devanditas zonas así como a calquera outra actividade que incida na saturación do nivel sonoro da zona, prodúcese un gran nivel de ruído no ambiente exterior con numerosas denuncias dos veciños.

I.2. En cumprimento da Orde do Sr. Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente do 23.02.05, a Asesora Xurídica de Medio Ambiente emite informe xurídico con data 03.03.05, do que se dá conta á Comisión de Ruídos na sesión realizada o 07.03.05, onde expón que, para maior seguridade xurídica, previamente á declaración das rúas como Zonas Acusticamente Saturadas deberíase modificar o texto do artigo 17

da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica co fin de establecer o procedemento administrativo a seguir para acordar tal declaración, de fixar os efectos que dita declaración pode implicar e determinar o seu prazo de vixencia. Asemade, a Asesora informa que naquelas zonas da cidade que pretendan ser declaradas ZAS débense previamente realizar medicións santométricas co fin de constatar se superan en mais de 15 dB(A) os niveis máximos permitidos na Táboa 1 do Manual-Anexo á Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (publicada no BOP nº 198, de 16 de outubro de 2000).

I.3. Ditas medicións santométricas realizáronse pola entidade “Acusticontrol, S.L”, empresa homologada pola Xunta de Galicia para a realización de medicións de ruído e vibracións, en virtude da asistencia técnica debidamente contratada por Resolución do Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente de 11.04.05. Segundo informaba “Acusticontrol, S.L” en data 06.09.05 (informe técnico nº 51/05/ZS), establecéronse 16 posicións de medida:

- Na rúa Pontevedra, mídese dende o 16.05.05 ata o 23.05.05.
- Na rúa Rosalía de Castro (I), mídese dende o 23.05.05 ata o 30.05.05.
- Na rúa Alfonso XIII, mídese dende o 30.05.05 ata o 06.06.05.
- Na rúa Areal, mídese dende o 06.06.05 ata o 13.06.05.
- Na rúa Rosalía de Castro (II), mídese dende o 13.06.05 ata o 20.06.05.
- Na rúa Montero Ríos, mídese dende o 20.06.05 ata o 27.06.05.
- Na rúa Rogelio Abalde, mídese dende o 27.06.05 ata o 04.07.05.
- Na rúa Martín Códax, mídese dende o 04.07.05 ata o 11.07.05.
- Na rúa Lepanto, mídese dende o 11.07.05 ata o 18.07.05.
- Na rúa Urzáiz, mídese dende o 18.07.05 ata o 26.07.05.
- Na rúa Inés Pérez de Ceta, mídese dende o 26.07.05 ata o 01.08.05.
- Na rúa República Argentina, mídese dende o 01.08.05 ata o 08.08.05.
- Na rúa Colón, mídese dende o 08.08.05 ata o 16.08.05.
- Na rúa García Barbón (I), mídese dende o 16.08.05 ata o 22.08.05.
- Na rúa Churruca, mídese dende o 22.08.05 ata o 29.08.05.
- Na rúa Cervantes, mídese dende o 29.08.05 ata o 05.09.05.

Constatouse que nas devanditas rúas (Pontevedra, Rosalía de Castro I e II, Alfonso XIII, Areal, Montero Ríos, Rogelio Abalde, Martín Códax, Lepanto, Urzáiz, Inés Pérez de Ceta, República Argentina, Colón, García Barbón I, Churruca e Cervantes), o prometio semanal en período nocturno (Leq semanal nocturno) no ambiente exterior supera en máis de 15 dB(A) o nivel máximo permitido -45 dB(A)- na Táboa 1 do Manual Anexo á Ordenanza Municipal.

No informe técnico nº 51/05/ZS do 06.09.05, “Acusticontrol, S.L” informaba que, de acordo coa Táboa 1 do Manual Anexo á Ordenanza Municipal, os valores límite de contaminación acústica permitidos no ambiente exterior en zonas residencias (tipo B) son de Leq 45 dB(A) en horario nocturno e, de 55 dB(A) en horario diúrno. Polo tanto, o criterio municipal para declarar unha zona saturada por acumulación de ruídos, de acordo co disposto no art 17 da Ordenanza, é: “Se nivel Leq nocturno > 60 dB(A) = Zona saturada de ruído en período nocturno; Se nivel Leq diúrno > 70 dB(A) = Zona saturada de ruído en período diúrno”.

I.4. Con data 10.10.05, o Enxeñeiro Técnico Industrial emite informe no que valida as medicións santométricas realizadas por "Acusticontrol, S.L" ao considerar correctas tanto a metodoloxía como o procedemento de medición utilizado, constando no informe nº 51/2005/ZS os certificados de calibración do sonómetro e calibrador utilizados para a realización das mesmas. O técnico municipal considera correctas as conclusións do informe de "Acusticontrol" (51/2005/ZS), non obstante, recomenda acoutar as conclusións do mesmo co respecto ás rúas Urzáiz e García Barbón, dada lonxitude das mesmas.

I.5. Con rexistro de entrada do 08.08.06, documento nº 60085922, "Acusticontrol, S.L" presenta informe nº 42/2006/ZS de data 01.08.06. Segundo informa "Acusticontrol, S.L", establecéronse catro novas posicións de medida:

- Na rúa Luís Taboada, mídese dende o 05.09.05 ata o 12.09.05.
- Na Praza de Compostela, mídese dende o 10.07.06 ata o 17.07.06.
- Na rúa García Barbón (II), mídese dende o 17.07.06 ata o 24.07.06.
- Na rúa Uruguai, mídese dende o 24.07.06 ata o 31.07.06.

Constatouse que nas devanditas rúas (Luís Taboada, Praza de Compostela, García Barbón II e Uruguai) o prometio semanal en período nocturno no ambiente exterior supera en máis de 15 dB(A) o nivel máximo permitido -45 dB(A)- na Táboa 1 do Manual Anexo á Ordenanza Municipal.

I.6. Con data 23.11.06 reúnese a Comisión Municipal de Ruídos, onde a Presidencia dá conta dos informes nº 51/2005/ZS e nº 42/2006/ZS relativos ás medicións santométricas realizadas nas rúas Pontevedra, Rosalía de Castro, Alfonso XIII, Areal, Montero Ríos, Rogelio Abalde, Martín Códax, Lepanto, Urzáiz, Inés Pérez de Ceta, República Argentina, Colón, García Barbón, Churruca, Cervantes, Luís Taboada, Praza de Compostela e Uruguai. Por unanimidade, a Comisión acorda a modificación do texto do artigo 17 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (B nº 198, de 16.10.2000) co obxecto de proceder á declaración das devanditas rúas como Zonas Acusticamente Saturadas ou Zonas Acusticamente Contaminadas, declaración, en todo caso, condicionada á aprobación e entrada en vigor da modificación do art 17 da Ordenanza.

I.7. En cumprimento da Orde de Servizo do Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente de 25.11.06 e da Orde do Técnico Supervisor de Medio Ambiente da mesma data, o 30.11.06 a Asesora Xurídica emite proposta dirixida á Comisión de Ruídos dunha nova redacción do texto do artigo 17 da Ordenanza Municipal co obxecto de establecer o procedemento administrativo a seguir para a declaración da ZAS. Manifestaba que, previa ou simultaneamente á aprobación da declaración polo Pleno da Corporación das referidas zonas como ZAS, procedería modificar o texto do artigo 17 da Ordenanza.

I.8. Con data 30.11.06, reúnese a Comisión Municipal de Ruídos onde a Presidencia dá conta da devandita proposta da Asesora. Á vista das alegacións dos colectivos integrantes da Comisión, o Concelleiro Delegado de Medio Ambiente acorda convocar á Comisión para o 14.12.06 co obxecto de que presenten as alegacións e suxestións que estimen pertinentes á redacción do texto do artigo 17.

I.9. Con data 14.12.06, reúnese a Comisión de Ruídos onde os seus membros presentan alegacións e suxestións con relación á nova redacción do texto do artigo 17 da Ordenanza de Ruídos.

I.10. Con data 04.01.07, reúnese a Comisión de Ruídos onde a Presidencia dá conta da proposta da Asesora Xurídica de 04.01.07 sobre nova redacción do texto do artigo 25 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (“Traballos na vía pública e na edificación”), elaborada en cumprimento da solicitude verbal do Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente.

Asemade, a Presidencia da conta do informe do Sr. Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades de 18.12.06, onde se propoñen outras modificacións do articulado da Ordenanza e do seu Manual Anexo; así é de destacar: O establecemento de condicións mais esixentes no grao de illamento que deberán ter os establecementos públicos de ocio con o sen música, o establecemento dunha distancia mínima de 100 m entre locais de ocio con música en calquera emprazamento de uso característico ou predominante residencial dentro do término municipal de Vigo, etc. Pola Xefatura de Licenzas de Actividades propónse que ditas modificacións da Ordenanza se articulen como unha “addenda-anexo” á mesma.

Asemade, o Sr. Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades propón unha serie de medidas que poderían adoptarse, ó seu criterio, coa declaración das zonas como acusticamente saturadas.

O Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente expón, na sesión de 04.01.07, que é pretensión do Goberno Municipal suspender a concesión de licenzas de actividades para os locais de ocio con música cando se aprobe o acordo de declaración das zonas como acusticamente saturadas. Os integrantes da Comisión de Ruídos, salvo os representantes da Federación de Hostalería, comparten dita pretensión.

I.11. Con data 10.01.07, reúnese a Xunta Voceiros onde o Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente dá conta da proposta da Asesora Xurídica de 04.01.07 sobre nova redacción do texto do artigo 25 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (“Traballos na vía pública e na edificación”). Asemade, informa das outras modificacións da Ordenanza Municipal e a Xunta de Voceiros, por unanimidade, acorda modificar a Ordenanza. Non obstante, consideran que as modificacións que se pretendía introducir como “addenda-anexo”, propostas polo Sr. Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades, se redacten sobre o texto do articulado da Ordenanza.

Asemade, a Xunta de Voceiros mostra a súa conformidade á pretensión do Goberno Municipal de suspender a concesión de licenzas de actividades para os locais de ocio con música cando se aprobe o acordo de declaración das zonas como acusticamente saturadas.

I.12. Con data 11.01.07, reúnese a Comisión de Ruídos acordando, por unanimidade, solicitar aos Técnicos Municipais introducir as modificacións da “addenda-anexo” dentro do texto do articulado da Ordenanza e máis a elaboración dun “Protocolo de Actuacións” a seguir no ámbito de aplicación das futuras zonas acusticamente saturadas, de se-lo caso da súa declaración.

I.13. Con data 23.01.07, a Asesora Xurídica de Medio Ambiente solicitaba á Xefatura de Área de Seguridade e Circulación que informase se nas rúas Pontevedra, Rosalía de Castro, Alfonso XIII, Areal, Montero Ríos, Rogelio Abalde, Martín Códax, Lepanto, Urzáiz, Inés Pérez de Ceta, República Argentina, Colón, García Barbón, Churruca, Cervantes, Luís Taboada, Praza de Compostela e Uruguai, leváronse a cabo, desde o pasado mes de maio de 2005 ata a actualidade, actuacións municipais con relación ao tráfico que implicasen redución dos niveis de ruído emitidos por este ao medio ambiente exterior.

I.14. Con data 23.01.07, a Asesora Xurídica de Medio Ambiente solicitaba á Xefatura de Licenzas de Actividades e Instalacións que informase se con relación ao número de actividades que se desenvolven nas devanditas rúas, desde o pasado mes de maio ata a actualidade, detectouse variación nas mesmas(aumento ou diminución).

I.15. Con data 29.01.07, a Xefatura de Licenzas de Actividades e Instalacións informaba que “Consultados os arquivos desta oficina de licenzas de actividades e instalacións da Xerencia de Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo respecto da variación, (aumento ou diminución) con relación ao número de actividades que se desenvolven nas rúas que se citan na referida dilixencia, dende o pasado mes de maio de 2005 non constan comunicacións de renuncia a licenzas de actividades existentes nos devanditos ámbitos, sen prexuízo dos cambios de titularidade ou novas licenzas de actividade que foran outorgadas.”

I.16. Con data 14.02.07, a Xefatura de Área de Seguridade e Mobilidade, en resposta á solicitude do 23.01.07, achegaba relación de actuacións municipais realizadas nas rúas Pontevedra, Rosalía de Castro, Alfonso XIII, Areal, Montero Ríos, Rogelio Abalde, Martín Códax, Lepanto, Urzáiz, Inés Pérez de Ceta, República Argentina, Colón, García Barbón, Churruca, Cervantes, Luís Taboada, Praza de Compostela e Uruguai.

I.17. Mediante informe do 14.02.07, o Sr. Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades propón redacción definitiva das modificacións da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica e do seu Manual de Procedementos para a medición de ruídos e vibracións referidas a:

- Con respecto ao Manual de Procedementos, anexo á Ordenanza, propón unha pequena corrección de erros, propón engadir como novos apartados os números 9, 10 e 11, así como modificar os “Valores de referencia para o nivel sonoro reverberado L e illamento acústico normalizado R a considerar para as diferentes actividades” e maila modificación da Táboa 4.

- Con respecto á Ordenanza Municipal, o Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades propón a modificación do texto do artigo 15 e unha nova redacción da disposición transitoria.

I.18. Á vista da pretensión do Goberno Municipal e da Xunta de Voceiros de suspender a concesión de licenzas de actividades para os locais de ocio con música no acordo de declaración das zonas como acusticamente saturadas e, de acordo co informe da Asesora Xurídica de Medio Ambiente de que esa pode ser unha das

medidas a adoptar coa declaración da ZAS (declaración sempre condicionada á entrada en vigor da modificación do art. 17 da Ordenanza), con data 14.02.07 o Xefe do Servizo de Licenzas de Actividades, o Secretario da Xerencia de Urbanismo e a Directora de Área de Intervención Urbanística recomendan que dita suspensión temporal, no caso de acordarse, se limite a tódalas actividades nocturnas pertencentes aos grupos II, III, IV, V e, dentro do grupo I, aos salóns de xogos recreativos, da nova Táboa 4 do Manual de Procedementos, estendéndose tamén aos establecementos comercias con horario nocturno tipo tendas de conveniencia. De se-lo caso, recomendan que dita medida de suspensión produza efectos a partir da data de aprobación definitiva da ZAS, non sendo de aplicación ás licenzas en trámite solicitadas seis meses antes da data da aprobación definitiva.

Dita recomendación compártese pola Xefatura de Medio Ambiente decidindo incorporala ao texto desta proposta.

I.19. Con rexistro de entrada do 15.02.07, documento nº 70020975, “Acusticontrol, S.L” presenta informe nº 07/2007/ZS, do 15.02.07, sobre Catalogación Acústica dos locais de ocio nocturno sitios nas rúas Pontevedra, Rosalía de Castro, Alfonso XIII, Areal, Montero Ríos, Rogelio Abalde, Martín Códax, Lepanto, Urzáiz (dende o nº 1 ata o nº 49), Inés Pérez de Ceta, República Argentina, Colón, García Barbón (dende o número impar 1 ata o nº 137; e pares, dende o nº 2 ata o nº 102), Churruca, Cervantes, Luís Taboada, Praza de Compostela, Uruguai, Travesía de Alfonso III, Canceleiro, Castelar, Concepción Areal, García Olloqui, Gravina, E. Heraclio Botana, Iglesias Esponda, Irmandiños, Isaac Peral (números pares dende o nº 2 ata nº 8), Isabel II, Oporto, Pablo Morillo, Roupeiro, Travesía Santiago de Vigo e Serafín Avendaño.

I.20. Con data 15.02.07, a Asesora Xurídica de Medio Ambiente, co conforme do Técnico Supervisor, emite no expte. adm. nº 4664/306 informe-proposta de aprobación inicial de Modificación da Ordenanza de Ruídos con nova redacción de varios artigos da Ordenanza, entre outros, do 17.

I.21. Con data 21.02.07, o Técnico Supervisor de Medio Ambiente emite informe nos seguintes termos: “Examinado o listado de actuacións municipais realizadas nas rúas Pontevedra e outras, remitido pola Xefatura de Área de Mobilidade e Seguridade, infórmase que da execución das mesmas non cabe concluír, con relación ao tráfico, unha redución dos niveis de ruído emitido por este ao ambiente exterior”.

I.22. Con rexistro de entrada de 22.02.07, “Acusticontrol, S.L” presenta informe nº 08/2007/ZS, de 21.02.07, sobre Proposta de Delimitación Territorial das ZAS.

I.23. Con data 23.02.07, o Técnico Supervisor de Medio Ambiente emite informe nos seguintes termos: “Examinado o informe nº 42/2006/ZS presentado por “Acusticontrol, S.L”, constátase que rúas Luís Taboada, Praza de Compostela, García Barbón II e Uruguai, a media semanal en período nocturno (Leq semanal nocturno) no ambiente exterior supera en máis de 15 dB(A) o nivel máximo permitido -45 dB(A)- na Táboa 1 do Manual Anexo á Ordenanza Municipal. Considero correctas as conclusións do informe de “Acusticontrol” nº 42/2006/ZS sendo de aplicación, asemade, a fundamentación técnica exposta polo Enxeñeiro Técnico Industrial no

seu informe de data 10 de outubro de 2005. Deste xeito é correcta tanto a metodoloxía como o procedemento de medición utilizado, constando no informe nº 42/06/ZS os certificados de calibración do sonómetro e calibrador utilizados para a realización das medicións. Examinado o informe nº 08/2007/ZS presentado por "Acusticontrol, S.L" en data 22.02.07, considero correctas as conclusións do mesmo."

II. NORMATIVA APLICABLE:

- CE: Constitución Española de 1978.
- LRXPAC: Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- LRBRL: Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- LMMGL: Lei 57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- RSCL: Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- TRRL: Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- LALGA: Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- LR: Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.
- LPCCA: Lei 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a Contaminación Acústica de Galicia.
- RPCA: Decreto 150/1999, do 07 de maio, Regulamento de Protección contra a Acústica de Galicia.
- OMPCCA: Ordenanza Municipal do Excmo. Concello de Vigo sobre protección do medio contra a contaminación acústica e o seu Manual Anexo de procedementos para a medición de ruídos e vibracións.

III. FUNDAMENTOS DE DEREITO:

III.1. Xustificación da Declaración de ZAS:

A preocupación do Excmo. Concello de Vigo pola defensa dos dereitos individuais de rango constitucional dos seus cidadáns, tales como o dereito á integridade persoal consagrado no artigo 15 da Carta Magna, o dereito á protección da saúde (art. 43 C.E), o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45.1 C.E) e o dereito a gozar dunha vivenda digna (art. 47 C.E), plásmase nun conxunto de actuacións municipais que pretenden loitar contra o ruído por ser un serio problema para a saúde pública e unha ameaza para a convivencia pacífica.

Entre estas actuacións, que teñen como finalidade previr, vixiar e reducir a contaminación acústica para evitar e reducir os danos que de esta poidan derivarse para a saúde humana, os bens e o medio ambiente, destaca a pretensión do Goberno Municipal de que se declaren Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS) diversas rúas da cidade de Vigo onde debido á existencia de numerosas actividades de ocio ou establecementos públicos, á actividade das persoas que os utilizan, ao ruído do tráfico nas devanditas zonas así como a calquera outra actividade que

incida na saturación do nivel sonoro da zona, prodúcese un gran nivel de ruído no ambiente exterior con numerosas denuncias dos veciños.

III.2. Modificación do artigo 17 da OMPCCA:

A actual regulación do artigo 17 da OMPCCA, establecida no BOP 16.10.00, xa posibilita que naquelas zonas da cidade onde existan numerosos establecementos públicos e os niveis xerais de recepción externa producidos pola adición das múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que os utilizan superen en máis de 15 dB(A) os niveis fixados no Manual de Procedementos para a Medición de Ruídos e Vibracións, anexo á Ordenanza, a Alcaldía poda establecer "limitacións máis restritivas" no uso das fontes sonoras polos citados establecementos. Non obstante, segundo informaba a Asesora Xurídica en data 30.11.06, para maior seguridade xurídica, procedería modificar o texto do artigo 17 da OMPCCA (BOP nº 198, de 16.10.00), previa ou simultaneamente á aprobación da declaración polo Pleno da Corporación das ZAS, condicionando a validez da devandita declaración á entrada en vigor da modificación do art. 17 da OMPCCA.

A Lei Galega 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a Contaminación Acústica, no art. 7.4 do seu Anexo, soamente define como zonas saturadas "*aquellas que han alcanzado los máximos niveles de ruido en el exterior fijados para las mismas, debido a que la actividad desarrollada provoque la concentración de fuentes sonoras o la afluencia de público*". Nin a Lei Galega 7/1997, nin o seu Regulamento de desenvolvemento, Decreto 150/1999, establecen o procedemento para a declaración da ZAS, así como tampouco se establecen os efectos que dita declaración podería implicar. Esta deficiente regulación contrasta coa minuciosidade con que se regula noutras CCAA, tales como Andalucía, Madrid ou Comunidade Valenciana. Por outra banda, a nosa Ordenanza (Bop 16.10.00) tampouco regula os citados aspectos, limitándose a recoñecer no artigo 17 a facultade da Alcaldía para establecer "limitacións máis restritivas" no uso das fontes sonoras polos citados establecementos. Considero segundo o meu criterio, e salvo calquera outro mellor fundado en dereito, que dentro deste precepto, cando se alude á facultade da Alcaldía para establecer limitacións máis restritivas no uso das fontes sonoras, ao superarse en máis de 15 dB(A) os niveis fixados na Ordenanza, cabería a posibilidade de declarar unha zona como ZAS. Non obstante, por seguridade xurídica, previa ou simultaneamente á declaración polo Pleno desta Corporación, no seu caso, dunha zona da cidade como Acusticamente Saturada procede modificar o artigo 17 da Ordenanza Municipal co obxecto de establecer o procedemento administrativo a seguir, as condicións en que é posible aprobar tal declaración, así como os efectos que podería implicar unha declaración desa índole. En todo caso, condiciónase a validez da devandita declaración á entrada en vigor da modificación do art. 17 da OMPCCA.

III.3. Definición de ZAS e Presuposto de feito:

Son ZAS aquelas zonas do municipio nas que se producen uns elevados niveis sonoros debido á existencia de numerosas actividades de ocio ou establecementos públicos, á actividade das persoas que os utilizan, ao ruído do tráfico en ditas zonas así como a calquera outra actividade que incida na saturación do nivel sonoro da zona. Segundo establece a nova redacción do art. 17 da OMPCCA poderán ser

declaradas ZAS aquelas nas que, aínda cando cada actividade individualmente considerada cumpra cos niveis establecidos na Ordenanza Municipal, o prometio semanal nocturno (nivel equivalente semanal nocturno-Leq semanal) supere en máis de 15 dB(A) os niveis máximos permitidos na emisión ao medio ambiente exterior -45 dBA- fixados na Táboa 1 do Manual de Procedemento, anexo á Ordenanza. Así as cousas, a nova redacción proposta para o art. 17 da OMPCCA toma para definir o presuposto de feito da ZAS, os mesmos 15 dB(A) que se establecían na redacción do art. 17 publicada no BOP de 16.10.00.

De acordo coa Táboa 1 do devandito Manual, os valores límite de contaminación acústica permitidos no ambiente exterior en zonas residencias (tipo B) son de Leq 45 dB(A) en horario nocturno e, de 55 dB(A) en horario diúrno. Polo tanto, o criterio municipal para declarar unha zona saturada por acumulación de ruídos, de acordo co disposto no art. 17 da Ordenanza, é: Se o prometio semanal do nivel Leq nocturno > 60 dB(A) = Zona saturada de ruído en período nocturno.

III.4. Zonas propostas como acusticamente saturadas: Delimitación xeográfica.

Segundo informaba "Acusticontrol, S.L" en data 06.09.05 (informe técnico nº 51/05/ZS), establecéronse 16 posicións de medida (nas rúas Pontevedra, Rosalía de Castro I e II, Alfonso XIII, Areal, Montero Ríos, Rogelio Abalde, Martín Códax, Lepanto, Urzáiz, Inés Pérez de Ceta, República Argentina, Colón, García Barbón I, Churruca e Cervantes), constatándose que o prometio semanal en período nocturno (Leq semanal nocturno) no ambiente exterior supera en mais de 15 dB(A) o nivel máximo permitido na Táboa 1 do Manual Anexo á Ordenanza. Asemade, segundo informaba "Acusticontrol, S.L" en data 01.08.06 (informe técnico nº 42/06/ZS), establecéronse 4 novas posicións de medida (nas rúas Luís Taboada, Praza de Compostela, García Barbón II e Uruguai), constatándose que o prometio semanal en período nocturno (Leq semanal nocturno) no ambiente exterior tamén superaba en máis de 15 dB(A) o nivel máximo permitido na Táboa 1.

Segundo informaba "Acusticontrol, S.L" en data 21.02.07, informe nº 08/07/ZS conformado polo Técnico Supervisor de Medio Ambiente o 23.02.07, realizáronse medicións santométricas en 20 puntos da cidade que se englobarían en tres grandes zonas, formadas por 33 rúas e prazas, denominadas: Zona Praza de Compostela, Zona Areal-Rosalía de Castro e Zona Churruca.

Para realizar as devanditas medicións elixíronse puntos representativos en cada rúa, sempre tendo en conta os focos de ruído. O criterio de medición para estes puntos foi o de monitorizar os niveis de ruído, cunha duración semanal en cada un deles, medindo en continuo as 24 horas (rexistrando 1 LAeq cada 5 minutos) para poder establecer os niveis nocturnos e diúrnos todos os días da semana, cos seus hábitos inherentes. Este método permitía, ademais, comparar noites sen ocio (domingo, luns, martes, mércores e xoves) e noites con ocio (venres, sábado e véspera de festivo); e poder ver, de forma obxectiva, como os niveis de contaminación acústica ambiental aumentaban nas denominadas "noites con ocio" debido á existencia dun gran número de establecementos de ocio.

Das medicións santométricas que obran no expediente e dos informes técnicos de "Acusticontrol,S.L" números 51/05/ZS (conformado polo Enxeñeiro Técnico Industrial

Municipal o 10.10.05), 42/06/ZS e 08/07/ZS (conformados polo Técnico Supervisor de Medio Ambiente o 23.02.07) conclúese:

- Que as rúas Pontevedra, Rosalía de Castro, Alfonso XIII, Areal, Montero Ríos, Rogelio Abalde, Martín Códax, Lepanto, Urzáiz (dende o nº 1 ata o nº 49), Inés Pérez de Ceta, República Argentina, Colón, García Barbón (números impares dende o 1 ata 137 e pares dende 2 ata 102), Churruca, Cervantes, Luís Taboada, Praza de Compostela e Uruguai, son zonas acusticamente saturadas xa que o prometio semanal en período nocturno (Leq semanal nocturno) no ambiente exterior supera en máis de 15 dB(A) o nivel máximo permitido na Táboa 1 do Manual Anexo á Ordenanza.

- Que as rúas Travesía de Alfonso XIII, Canceleiro, Castelar, Concepción Areal, García Olloqui, Gravina, E. Heraclio Botana, Iglesias Esponda, Irmandiños, Isaac Peral (dende o nº 2 ata o nº 8), Isabel II, Oporto, Pablo Morillo, Roupeiro, Travesía Santiago de Vigo e Serafín Avendaño, como rúas adxacentes e zonas de respecto das anteriores, por estar englobadas dentro das rúas obxecto de medición sonométrica pechando territorialmente polígonos urbanos coherentes e ao presentar unha grande concentración de establecementos de ocio, considéranse zonas acusticamente saturadas.

III.5. Catalogación de establecementos de ocio nocturno sitios nas rúas propostas como ZAS:

No informe nº 07/2007/ZS, de 15.02.07, consta a relación de establecementos de ocio nocturno sitios nas rúas que serán declaradas acusticamente saturadas, permitindo coñecer o número exacto e tipo de actividades de ocio existentes e as súas características acústicas. Os datos concluídos foron que o número total de rúas propostas para a declaración de Zonas Acusticamente Saturadas é de 33, con 278 locais de ocio repartidos da seguinte forma, no que a tipo de actividade se refire: 156 bares, café-bares, restaurantes, bodegas, mesóns, *taperías* e *bocaterías*, 1 sala de xogos, 113 bares e café-bares con música, pubs e similares e 8 discotecas, café-concerto e similares. Do exposto, cabe concluír que na actualidade existe unha alta concentración de establecementos de ocio nocturno sitios nas rúas que serán declaradas ZAS.

III.6. Efectos da declaración das ZAS:

A nova regulación do artigo 17 Ter establece que será o Pleno da Corporación quen aprobe as medidas que se adoptarán no ámbito das ZAS, quedando ditas zonas suxeitas a un réxime especial de actuacións de carácter temporal, que terá por obxecto a progresiva redución dos niveis sonoros exteriores, ata acadar os límites establecidos na Ordenanza de Ruídos.

IV. COMPETENCIA MUNICIPAL:

IV.1. Considerando que o Municipio conforme aos artigos 25.2.d -f) da LRBRL 7/1985 e 80.2.d-f) da LALGA 5/1997, posúe competencia en materias tales como o urbanismo e a protección do medio ambiente e que conforme aos artigos 26.1.d) da LRBRL e 81.d) da LALGA é un servizo público de prestación obrigatoria para

municipios de máis de 50.000 habitantes,

IV.2. Considerando que o ruído é un axente contaminante, gravemente perturbador do medio ambiente e desa idea de calidade de vida á que todos temos dereito conforme ao artigo 45 da CE, pola que deben velar os poderes públicos, e cuxo recoñecemento, respecto e protección informará tanto a actuación administrativa, como a lexislación e a práctica xudicial (art. 53.3 CE), propónse que as rúas referidas no corpo deste informe sexan declaradas ZAS.

IV.3. Con relación á competencia municipal para ditar acordos como o de Zona Saturada non existe dúbida ningunha, segundo a consolidada xurisprudencia por todas STSX de Andalucía de 24 de setembro de 1999. Non cabe, por tanto falar da incompetencia municipal para ditar acordos, como o de Zona Saturada, que veñan a impedir usos permitidos polo PXOU, vulnerando o principio de igualdade e liberdade de empresa recoñecido no art. 38 da CE. Falar de incompetencia municipal suporía negar a posibilidade de regulación de usos inherentes a potestades pacíficas recoñecidas e amparadas pola mesma Constitución como as urbanísticas, medio ambientais ou de protección do patrimonio histórico.

IV.4. Segundo o disposto na nova redacción do art. 17 Bis da OMPCCA corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación inicial da proposta de declaración da ZAS. De acordo co disposto no art. 17 Bis seguirase o seguinte procedemento para a declaración: Aprobación inicial da proposta polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 20 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva da proposta polo Pleno.

IV.5. A declaración de ZAS, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e xirarase comunicación á prensa da localidade de maior difusión. En todo caso, condiciónase a validez da devandita declaración á entrada en vigor da modificación da OMPCCA (expte. adm. nº 4664/306).

Polo anteriormente exposto, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva excepto no que se refire ás emendas formuladas pola comisión informativa de Medio Ambiente.

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 1 de marzo de 2007, ditamina favorablemente a devandita proposta coas seguintes emendas:

Primeira.- Modificar o parágrafo segundo do apartado segundo da parte dispositiva do acordo no seguinte sentido:

“Dita medida de suspensión terá efectos a partir da data de aprobación definitiva da ZAS e da entrada en vigor da modificación do artigo 17 da Ordenanza municipal de protección do Medio Ambiente contra a contaminación acústica (expte. Núm. 4664/306) e será de aplicación a todas

as licenzas con anterioridade a esa data”.

Segunda.- Suprimir, como consecuencia da anterior emenda, o apartado terceiro da parte dispositiva do acordo.

Terceira.- Engadir na parte dispositiva da proposta un novo apartado (apartado quinto) coa seguinte redacción:

“Anticipar en 30 minutos o peche nocturno das actividades correspondentes ós grupos III e V da táboa do Manuel de procedementos.”

Ambos puntos da orde do día sométense a debate conxuntamente, figurando ó texto do mesmo ó comezo desta acta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Caballero Míguez e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e quince abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Declarar inicialmente como Zonas Acusticamente Saturadas as seguintes rúas:

- Na súa totalidade as rúas: Alfonso XIII e Travesía Alfonso XIII, Areal, Canceleiro, Castelar, Cervantes, Churruca, Colón, Praza de Compostela, Concepción Arenal, García Olloqui, Gravina, E. Heraclio Botana, Iglesias Esponda, Inés Pérez de Ceta, Irmandiños, Isabel II, Lepanto, Luís Taboada, Martín Códax, Montero Ríos, Oporto, Pablo Morillo, Pontevedra, República Arxentina, Rogelio Abalde, Rosalía de Castro, Roupeiro, Travesía Santiago de Vigo, Serafín Avendaño e Uruguai.
- Parcialmente as rúas: Avda. de García Barbón do número impar 1 ata o 137 e do número par 2 ata o 102, Isaac Peral dos números pares 2 ata o 8 e Urzáiz do número 1 ata o 49.

Segundo.- Suspende nas rúas declaradas zonas acusticamente saturadas o

outorgamento de novas licenzas de apertura, ampliación ou modificación para actividades nocturnas pertencentes aos grupos II (cines, salas de vídeo, bingos e similares), III (bares con música, pubs, whiskerías e similares, boleiras), IV (teatros e auditorios), V (salas de festa, discotecas e locais con música ou canto en vivo) e, dentro do grupo I, as dos salóns de xogos recreativos, da Táboa 4 do Manual de Procedementos, estendéndose tamén dita suspensión de licenzas aos establecementos comerciais con horario nocturno tipo “tendas de conveniencia”. Dita medida de suspensión terá efectos a partir da data de aprobación definitiva da ZAS e da entrada en vigor da modificación do artigo 17 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (expte. adm. nº 4664/306), e será de aplicación a todas as licenzas en trámite solicitadas con anterioridade a esa data.

Terceiro.- Queda prohibida a permanenza das terrazas para café autorizadas nas indicadas zonas, por riba da 02:00 horas en horario de verán e das 12:00 no restante. Dita medida terá efectos a partir da data de aprobación definitiva da ZAS e da entrada en vigor da modificación do artigo 17 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (exp. adm. nº 4664/306).

Cuarto.- Por motivos de orde público, imponse aos establecementos comerciais, tipo tendas de conveniencia, sitios nas rúas sinaladas no apartado primeiro, que teñan na súa oferta bebidas alcohólicas, a prohibición de expender este tipo de bebidas dende as 22:00 horas ata as 09:00 do día seguinte de acordo co previsto no artigo 10 da Lei 13/2006, do 27 de decembro reguladora dos horarios comerciais de Galicia.

Dita medida terá efectos a partir da data de aprobación definitiva da ZAS e da entrada en vigor da modificación do artigo 17 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (expte. adm. nº 4664/306).

Quinto.- Anticipar en 30 minutos o peche nocturno das actividades pertencentes ós grupos III e V do Manuel de Procedemento.

Sexto.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións.

Sétimo.- Declarar que de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse no BOP. Condiciónase a validez da devandita declaración de ZAS á

entrada en vigor da modificación do artigo 17 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (expte. adm. nº 4664/306).

Oitavo.- Revisar a Declaración cada tres anos.

Noveno.- Aprobar o Protocolo de Actuacións Anexo.

ANEXO **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN**

Nas rúas declaradas Zonas Acusticamente Saturadas seguirase o seguinte protocolo de actuacións:

FASE I:

- Elaboración do Catálogo de locais de ocio nocturno sitos nas ZAS: Comprende a relación de bares e café bares sen música, restaurantes, bodegas, mesóns, *taperías*, *bocaterías*, salas de xogos, bares e café bares con música, pubs, discotecas, café-concertos e similares, existentes nesas zonas. Realízase unha análise das deficiencias observadas no que se refire á presunta contaminación acústica.
- Verificar se os devanditos locais posúen licenza de actividade e, de se-lo caso, se desenvolven dita actividade axustándose á licenza de que dispoñen. De observar anomalía remitir actuacións ao Servizo de Disciplina Urbanística para restaurar a legalidade urbanística.
- Deseño dunha campaña dirixida aos mozos e aos empresarios do sector da hostalería, que ten por obxecto: concienciación e sensibilización da poboación sobre a problemática derivada do ruído da movida nocturna.
- Incrementar o control policial nas ZAS. Especialmente controlarase o cumprimento dos horarios de peche polos establecementos con remisión inmediata das denuncias polos incumprimentos á Consellería de Xustiza e, asemade, controlarase que os usuarios dos locais non produzan molestias á veciñanza.
- Controlarase pola Policía Local a prohibición de expender bebidas alcohólicas polos establecementos comerciais dende as 22:00 horas ata as 09:00 horas do día seguinte, con remisión inmediata das denuncias á Dirección Xeral competente en materia de comercio de acordo co previsto no artigo 10 da Lei 13/2006, de 27 de decembro reguladora dos horarios comerciais de Galicia.
- Adscribir de modo permanente dous axentes da policía local para a realización de medicións sonométricas en todo o termo municipal de Vigo.

FASE II:

- Tramitación preferente dos procedementos sancionadores por contaminación acústica referidos aos locais sitos nas ZAS. Á hora de graduar a sanción a aplicar neste tipo de procedementos, considerarase o feito de que a infracción tivese sido cometida no ámbito territorial dunha ZAS.

- Tramitación preferente dos procedementos de restauración da legalidade urbanística referidos aos locais sitos nas ZAS.
- Con relación aos establecementos que dispoñan de licenza de actividade e desenvolvan a mesma axustándose a ela, no caso de detectarse incumprimentos da normativa sobre contaminación acústica (ex. ausencia de dobre porta, instalación de equipos de ventilación e climatización en fachadas ou patios...), adoptar medidas correctoras ou de control.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 5 de marzo de 2007. Consta de 26 folios da serie A numerados do 1593404 ao 1593429, e números do 102 ao 127. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2007.

Vigo, a 30 de abril de 2007
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda